



FACULTADE DE
HUMANIDADES

Grao en Xestión Cultural
Curso académico 2024-2025

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Ferrol en chamas: memoria histórica de 1972 e do
X de Marzal dende unha perspectiva de xénero**

Autor: Iker Falcón Cazás

Titora: Ana Cabana Iglesia

Xuño 2025

Ferrol en chamas: memoria histórica de 1972 e do X de Marzal dende unha perspectiva de xénero

Iker Falcón Cazás

Resumo: O traballo de fin de grao baséase na investigación dos sucesos históricos ocorridos o 10 de marzo de 1972 en Ferrol, aplicando unha novedosa perspectiva de xénero que permita incluír nas narrativas o papel fundamental que tiveron as mulleres. Focalizaremos o noso interese no grupo coñecido popularmente como “Mulleres do 72”. Para a realización do traballo levaremos a cabo un baleirado da bibliografía e materiais de variada natureza (audiovisuais, etc.) existente sobre o tema en concreto e sobre os anos do tardofranquismo en tanto que contexto no que tivo lugar o episodio de protesta do noso interese. Levamos a cabo un proxecto de historia oral (entrevista e encontro con unha desas mulleres) e unha consulta de fotografías e prensa de época co obxectivo de poder ter testemuños de primeira man e manexar fontes primarias. Ademais da investigación, a nosa intención é reflexionar sobre a posible elaboración dun espazo de lembranza ou memoria colectiva que achegue o episodio histórico de protesta obreira e de represión por parte do réxime franquista ás novas xeracións.

Palabras chave: Muller; Ferrol; Ditadura; Feminismo; Loita obreira

Ferrol en llamas: memoria histórica de 1972 y el X de Marzal desde una perspectiva de género

Resumen: El trabajo de fin de grado se basa en la investigación de los sucesos históricos ocurridos el 10 de marzo de 1972 en Ferrol, aplicando una novedosa perspectiva de género que permita incluir en las narrativas el papel fundamental que tuvieron las mujeres. Focalizaremos nuestro interés en el grupo conocido popularmente como “Mujeres del 72”. Para la realización del trabajo llevaremos a cabo un vaciado de la bibliografía y materiales de variada naturaleza (audiovisuales, etc.) existente sobre el tema en concreto y sobre los años del tardofranquismo en tanto que contexto en el que tuvo lugar el episodio de protesta de nuestro interés. Llevamos a cabo un proyecto de historia oral (entrevista y encuentro con una de estas mujeres) y una consulta de fotografías y prensa de época con el objetivo de poder tener testimonios de primera mano y manejar fuentes primarias. Además de la investigación, nuestra intención es reflexionar sobre la posible elaboración de un espacio de recuerdo o memoria colectiva que acerque el episodio histórico de protesta obrera y de represión por parte del régimen franquista a las nuevas generaciones.

Palabras clave: Mujer; Ferrol; Dictadura; Feminismo; Lucha obrera

Ferrol in Flames: Historical Memory of 1972 and the “X de Marzal” from a Gender Perspective

Abstract: This thesis is based on the investigation of the historical events that took place on 10 March 1972 in Ferrol, applying a novel gender perspective that allows us to include in the narratives the fundamental role played by women. We will focus our interest on the group popularly known as “Mulleres do 72”. In order to carry out the work, we will carry out a survey of the existing bibliography and materials of various kinds (audiovisuals, etc.) on the specific subject and on the late Francoist years in terms of the context in which the protest episode we are interested in took place. As far as possible, we will carry out an oral history project (interviews or meetings with some of these women and their relatives) and a consultation of period photographs, in order to provide first-hand testimonies and thus handle a primary source. In addition to the research, our intention is to reflect on the possible elaboration of a space of remembrance or collective memory that will bring the historical episode of workers' protest and repression by the Franco regime closer to the new generations.

Keywords: Women; Ferrol; Dictatorship; Feminism; Working Class Struggle

Índice

1. Introducción: Obxectivos, estrutura e metodoloxía empregadas	4
1.1. Obxectivos	4
1.2. Estrutura	5
1.3. Metodoloxía	6
1.4. Estado da cuestión.....	6
2. X de Marzal: Antecedentes e repercusións	8
2.1. Contexto histórico: España, Galicia, Ferrol.....	8
2.1.1. España.....	8
2.1.2. Galicia.....	10
2.1.3. Ferrol	12
2.2. X de Marzal.....	15
3. As Mulleres do 72. Que foi este grupo de mulleres?	19
4. Investigación específica: A memoria dunha das “Mulleres do 72”	23
5. Reivindicación: por un espazo para a memoria.....	28
6. Conclusións	32
7. Bibliografía	34
8. Materiais anexos	36
8.1. Apéndice 1: Cuestionario entrevista.....	36
8.2. Apéndice 2: Permiso para a realización do cuestionario	37
8.3. Apéndice 3: Transcrición completa da entrevista a Josefa Varela	38
8.4. Apéndice 4: Prensa de época dando contas dos acontecementos do X de Marzo en Ferrol	46
8.5. Apéndice 5: Documentación destacada	50

1. Introducción: Obxectivos, estrutura e metodoloxía empregadas

1.1. Obxectivos

“Erguéstevos cedo aquel día, o costume do traballo, mañá cediño pra facernos ca vosa morte”. Como ferrolán que son, este breve poema de Uxío Novoneyra sobre os asasinatos de Daniel Niebla e Amador Rey, estivo na miña cabeza dende que teño uso de razón. Sempre me preguntei como poden uns versos tan breves condensar tanta dor, orixinada por un acto de represión ditatorial que causou unha ferida que nunca rematou por pechar. É por iso polo que neste documento tentarei aportar o meu gran de area, ofrecendo unha mirada preocupada non só polos terribles feitos represivos sobre os que entrarei en detalle máis adiante, e os seus protagonistas máis directos, os que acostuman a ocupar a reflexión historiográfica, senón tamén prestando atención a aquelas persoas que tamén participaron da loita contra a ditadura, pero que o relato académico e mesmo a sociedade decidiron non ter presentes: as mulleres. É habitual que aparezan sen nomes. Tanto na prensa de época como nas fontes primarias se invisibilizan ou se despersonalizan baixo o apelativo de “a muller de” ou “a compañeira de”. En moitos casos a identificación non foi posible porque tampouco a memoria gardou o seus nomes. Pero a investigación, como se tratará de demostrar, confírelles, como colectivo e como individualidades, protagonismo nuns sucesos que marcarían a memoria do tardofranquismo en Ferrol e mesmo en Galicia. Neste TFG pretendo levar a cabo non só unha investigación en clave histórica sobre os sucesos que sacudiron Ferrol entre finais dos anos 60 e comezos dos 70, senón que prestarei atención a unha perspectiva de xénero normalmente esquecida, incluíndo narrativas que permitan destacar o papel das mulleres neste momento histórico.

Outro obxectivo fundamental deste traballo é o feito de tentar desmontar un tópico bastante estendido na sociedade galega e que ben podería ter sido nomeado coma o “estereotipo das 3 Fs”, é dicir: Feo, Facha e Ferrol. Coma ben apunta Marta Otero Mayán (2022) nun artigo publicado na revista *Luzes*, a cidade departamental viuse marcada polo nacemento, o 4 de decembro de 1892, dun home que trocaría o curso da historia de España. A Ferrol sempre se lle “acusou” de ser a cidade que viu nacer o ditador, negándosele outro tipo de recoñecementos sobre o seu pasado recente, como pode ser o de ter sido escenario de significativas loitas obreiras, como a que imos tratar neste documento, ou ser a cidade natal de persoeiros como Concepción Arenal, Carvalho Calero ou Pablo Iglesias Posse, que é preciso reivindicar para non encasillar a representación que se fai da cidade. Gustaríame aproveitar esta investigación sobre os sucesos de marzo de 1972 para reivindicar o lugar desa memoria obreira da cidade, adormecida na actualidade. E, no mesmo sentido, incidir o sitio que nesa memoria teñen as mulleres que traballaban e habitaban a cidade.

Malia non ser preciso no TFG, optei por ir alén da síntese bibliográfica e realicei unha investigación con fontes primarias inicial e moi concreta, por suposto, tanto por ter sida realidaza a tempo compartido coa realización do curso. Con ela tentei poñer en práctica o aprendido a nivel teórico nestes catro anos de universidade e enfrontarme a técnicas e metodoloxías novidosas para min: a realización dunha entrevista para un exercicio de historia oral ou a consulta de fontes documentais de carácter local e contemporáneas.

Pode parecer algo obvio, pero un logros máis importantes para min foi lograr coñecer polo miúdo un acontecemento histórico da miña cidade como foi o “10 de Marzal” e facelo axudado da man dunha das persoas participantes. Poder realizar unha entrevista a Josefa Varela, “Fina”, no salón da súa propia casa, foi unha experiencia tremendamente enriquecedora. escoitando a súa voz, que por momentos chegou a quebrarse debido á dor que producen certos recordos malia aos máis de 50 anos transcorridos, é algo que nunca esqueceréi. Síntome moi afortunado por tela escoitado, e gustaríame aproveitar estas páxinas para que quede constancia da miña profunda e sincera admiración e respecto por unha muller excepcional como ela. Vaia para ela o meu agradecemento e tamén ao seu fillo, Germán Amor Varela, que me deu todas as facilidades para poder levar a cabo dito encontro.

1.2. Estrutura

No referido á estrutura do traballo, sinalar que se inicia cun pequeno contexto histórico onde prestarei especial atención a explicar o período denominado “tardofranquismo” e que se corresponde coas últimas dúas décadas da ditadura. Concentrei o meu interese especialmente na oposición que se artellou contra o réxime a través da mobilización social. Querer analizar os acontecementos do 10 de marzo ten sentido se se pon en relación co contexto histórico tanto no referido a Galicia como a España. Neste contexto, tentarei botar un pouco de luz á situación das mulleres como suxeito histórico, para así poder dar pé ao segundo punto deste traballo.

Nun segundo momento pasaremos a trata sobre as “mulleres do 72”, dando pé así á realización e análise da entrevista levada a cabo. Moita xente, incluso da propia cidade, descoñece a historia destas mulleres. Mulleres como Rosi Alabau, Josefa Varela ou Mela, coñecida como “la Carbonera” foron esquecidas polo relato historiográfico malia que xogaron un papel chave na oposición antifranquista, desafiando ao réxime dende as súas accións cotiás. Neste documento comentarei algunhas das estratexias que seguiron e das redes que teceron e tentarei, na medida do posible, procurar unha explicación para esta desmemoria. Débese subliñar que “mulleres do 72” son o colectivo de referencia, pero na loita antifranquista, dende diferentes ideoloxías e situacións sociais e económicas tamén participaron (puntualmente ou de maneira estable) dúcias de mulleres que hoxe non recordamos. Algunhas xa faleceron, e outras, ante a nosa petición de información, decidiron permanecer no anonimato e non ofrecer o seu testemuño. As feridas aínda non pecharon, polo que moitas delas non quixeron compartir as súas experiencias, o que é perfectamente comprensible, xa que a pesares do tempo transcorrido, a dor segue moi presente.

Cando estaba iniciando o traballo de lectura de bibliografía sobre tardofranquismo e transición á democracia presentouseme a increíble oportunidade de realizar unha entrevista a unha das mulleres máis activas deste colectivo. Como comprobaremos máis adiante, esta entrevista supuxo un punto chave para a realización deste traballo, non só pola información que se me revelou, senón tamén polo propio significado simbólico da entrevista, por iso o seu testemuño ten un peso específico neste traballo. Tratouse dun momento emocionante, onde puiden comprobar en primeira persoa a sabedoría dunha muller que é excepcional malia que insiste en subliñar a súa condición de “normal” reducindo a importancia que a súa loita tivo.

O traballo remata cun esforzo de síntese de toda a información acumulada en forma de conclusións, amosando as miñas reflexións persoais ligadas á interpretación do contexto histórico do momento que decidín analizar e como se relaciona coa historia

das mulleres. A maiores, tentei deseñar un espazo da memoria e comentar a importancia que este tería de levarse a cabo. Porque en Ferrol non abunda a preocupación por manter e conmemorar actos de memoria histórica que involucren a loita antifranquista do movemento obreiro. Celébrase un acto de memoria no que o habitual é entregar unha coroa de flores en memoria dos dous mártires do movemento, Daniel e Amador, ao pé da súa estatua, situada ao comezo da Avenida das Pías en Ferrol. No barrio de Canido, outra estatua conmemora aos case mil asasinados polo franquismo na comarca. No ano 2018 realizouse un acto que incluíu a proxección dun documental, música e a entrega de galardóns e conmemoración. E ata aí, nada que inclúa ás mulleres, nada que ligue o pasado coa cultura e a sociedade actual. Para evitar que o recordo destes acontecementos sexan celebracións puntuais, este TFG inclúe un primeiro intento pola miña banda de reflexionar sobre a posibilidade de crear un espazo colectivo onde conmemorar o papel das mulleres neste momento histórico e da relevancia social que tería.

1.3. Metodoloxía

No referido á metodoloxía empregada, este traballo combina diversas formas de investigación, algunha delas comprobadas e practicadas ao longo do grao en Xestión Cultural e outras novidasas, polo que o exercicio de escritura supuxo a necesidade de formación e de “refrescar” técnicas e estratexias. O traballo incluíu a revisión bibliográfica, a realización dun exercicio de historia oral e a revisión de documentación primaria de época (prensa, informes, cartas, etc.). Tamén se visualizaron varios documentais e traballos audiovisuais con temática concomitante co obxecto de investigación, coma pode ser o documental “¡Esto se cae!”, unha homenaxe ás mulleres do 72 encargado polo Concello de Ferrol e elaborado por Marta Corral e Ángel García (Corral, “¡Esto se cae!” Homenaxe ás Mulleres do 72, 2018), un contido audiovisual pioneiro á hora de recoñecer a estas mulleres. Durante todo o proceso de investigación estivo dende o primeiro momento enfocado a incluír a perspectiva de xénero. Este TFG non é un documento onde teña máis peso unha metodoloxía que as demais. Ben é certo que a entrevista converteuse *per se* nun elemento central, tanto polo que supón a nivel emocional coma pola información que nos pode revelar. Aínda así, esta non podería terse levado a cabo sen un contexto histórico que me permitise mergullarme nos acontecementos do 10 de marzo e nos últimos anos da ditadura franquista. Así mesmo, a realización deste traballo é consecuencia directa de ter estudado nun grao universitario onde se tocan temas tan variados como a historia, o xénero, a antropoloxía ou a museoloxía.

1.4. Estado da cuestión

Para a realización deste traballo foi necesario realizar un baleirado de diferentes investigacións sobre franquismo e transición á democracia, pero sobre todo sobre o escrito sobre a historia do X de marzo e da loita obreira en Ferrolterra. A continuación, gustaríame introducir algúns deles brevemente.

Gustaríame destacar unha obra breve, de tan só 71 páxinas, pero que contén moita información relevante sobre o 10 de marzo de 1972. Trátase de *Ferrol: Los sucesos de marzo de 1972*, de Manuela Santalla López (1996). Cabe destacar, ademais da análise dos sucesos, a información aportada nos anexos e a unidade didáctica que achega.

Chave para o estudo da loita obreira en Ferrol é a monografía de Rosa Cal titulada *Informes diversos de los sucesos de Ferrol. 10 de marzo de 1972* (2015). Neste libro condénsanse múltiples informes e documentos relacionados con estes sucesos. Como promete no título, a investigación compila informes diversos, como poden ser os xerados por asociacións cristiás, por varias institucións do franquismo ou polos propios partidos e sindicatos clandestinos.

Tamén recorrín a dúas obras, *O latexo da vida e da conciencia. Memorias colectivas* de Rafael Pillado (2012) e *Paco Balón: memorias de un comunista ferrolano*, de González Vidal (1999). Trátase dunha autobiografía e dunha biografía que nos axudan a comprender desde a narración en primeira persoa como dúas persoas, dous homes politizados (comunistas) viviron os acontecementos do X de Marzal.

Outra obra de gran relevancia para comprender o X de Marzal é o libro colectivo coordinado polo historiador José Gómez Alén, *10 de Marzo. Un conflicto del movimiento obrero gallego por la democracia* (Gómez Alén, 2022). Nesta publicación, nomes recoñecidos como o de Xesús Alonso Montero, catedrático emérito da Universidade de Santiago de Compostela, ex-presidente da Real Academia Galega e autor dunha inmensa obra, con máis de 50 libros publicados; Enrique Barrera Beitia, ex-conselleiro de Servizos Sociais en Ferrol, ademais de investigador da historia política e social de Ferrol durante o século XX; Rafael Pillado Lista, sindicalista histórico e dirixente do Partido Comunista de Galicia, do que foi secretario xeral; José Torregrosa Rodríguez, escritor, poeta e mestre vinculado ao asociacionismo cultural na cidade departamental (director do Centro Social de Santa Marina e cofundador do grupo poético Chorima) e o propio coordinador, fan achegas para entender tanto o contexto histórico e político como a loita obreira no Ferrol desde múltiples perspectivas.

Pero, sen dúbida unha obra decisiva para o presente TFG porque remite á historia das Mulleres do 72 foi o libro *Voces da memoria con ollos de muller* de Ánxela Loureiro (2022). A autora recolle testemuñas moi valiosas sobre as mulleres que participaron nos sucesos do 10 de marzo. Loureiro amosa aspectos das vidas destas mulleres prestando especial atención a pequenos detalles da súa vida cotiá. Apuntamentos sobre a súa presenza nos conflitos previos aos sucesos de marzo, as represalias que sufriron ou as accións reivindicativas que levaron a cabo as mulleres en Ferrol resultaron de grande interese. Trátase dun libro que racha coa tendencia amosada por libros anteriores, tanto por centrarse nas mulleres como por empregar a memoria como elemento central da súa investigación. Nesta obra reivíndícanse a solidariedade e a valentía das “Mulleres do 72”, aquelas que tiveron maior participación nestes sucesos, mais tamén se recoñece o valor da comunidade feminina que tiveron que lidiar cun réxime que tentaba controlalas e sometelas a determinadas disposicións que coartaban os seus dereitos (maternidade, espazo doméstico, penosas condicións laborais etc.).

O baleirado bibliográfico tamén tivo en conta artigos e capítulos de libro, que se irán referenciando ao longo do traballo, pero estas obras resultaron as máis significativas. Cómpre destacar que, aínda que a bibliografía pareza cuantiosa, a práctica totalidade das referencias fan un relato do sucedido en Ferrol no ano 1972 en clave masculina, como se ten feito co conxunto da loita obreira. Só a obra de Ánxela Loureiro inclúe perspectiva de xénero.

2. X de Marzal: Antecedentes e repercusións

2.1. Contexto histórico: España, Galicia, Ferrol

2.1.1. España

Cando se pensa na historia da década dos 70 do século XX, véñensenos á cabeza múltiples imaxes, como poden ser os últimos momentos da guerra de Vietnam, o caso “Watergate”, a “Marcha Verde” no Sáhara Occidental ou a chegada de Margaret Thatcher ao poder no Reino Unido. No referido á cultura, nesta década falecen figuras como Janis Joplin, Elvis Presley, Charles Chaplin ou Jimi Hendrix; saen aos cines obras como *El Padrino* de Francis Ford Coppola, *Tiburón* de Steven Spielberg ou *Taxi Driver* de Martin Scorsese; nacen compañías tecnolóxicas como Apple ou Microsoft; e tamén proliferan estilos musicais como a música disco ou o *heavy metal*. Todo isto dá conta por si só, de que se trata dun período histórico moi complexo, e iso tento en conta que a década dos 60 parecía un fervedoiro social e cultural difícil de superar: Maio do 68, movemento hippie, loita polos dereitos civís, etc. Todo nesas décadas remite a cambios a nivel internacional, mais, que acontece no Estado español?

A pesar da aparente “prosperidade” conseguida polo réxime na década dos sesenta, a década seguinte foi agónica para o franquismo, en múltiples sentidos. En xeral, estaba presente unha forte ansia de cambio e de consecución de maiores liberdades, incluso dentro do propio réxime, onde empezan a aparecer voces algo críticas e discordantes entre os máis conservadores e aqueles que buscaban unha moderada apertura e unha maior integración nas correntes europeas e globais. Estas “ansias de cambio” en determinados grupos sociais xa é palpable dende comezos dos sesenta. O réxime franquista levou a cabo unha especie de lavado de cara, introducindo nos gobernos a homes con conexións no Opus Dei e con unha formación técnica, tentando amosar así un aspecto máis preparado e aséptico, os “tecnócratas”. A pesares dos cambios nas estratexias económicas, estas non foron acompañadas de cambios políticos de importancia e, aínda que moitas veces se vexa a esta fase do franquismo coma se fora de apertura, o réxime seguía impoñéndose empregando a represión e o control social, como dende os seus inicios, e o malestar provocou un aumento considerable da oposición antifranquista. Entre os órganos de represión do tardofranquismo destaca a creación do Tribunal de Orde Pública (TOP) que, coma veremos máis adiante, estará moi presente na vida da nosa entrevistada.

Pódese traer a colación unha serie de movementos de oposicións a nivel estatal antes de comezar a falar do contexto galego e ferrolá. Un deles xorde no seo do movemento obreiro. Naceron sindicatos e asociacións antifranquistas na clandestinidade obrigatoria, pero as diversas formas de loita obreira percorreron como a pólvora o territorio español. A partir dos anos sesenta, co obxectivo de conseguir melloras laborais, as folgas multiplicáronse, igual que as sabotaxes e as protestas. Algúns dos nomes máis relevantes poden ser os dos sindicatos Comisiones Obreras (CCOO) e a Unión Xeral de Traballadores (UXT). Ademais, cómpre destacar a unión entre os propios traballadores, especialmente no caso das fábricas ou estaleiros, onde estaban presentes traballadores pertencentes a partidos políticos, especificamente o Partido Comunista de España (PCE) que tiña por misión expandir os seus ideais entre os traballadores para animalos á loita.

As primeiras protestas e reivindicacións estudiantís aparecen cara mediados dos anos 50, e estiveron centradas en conseguir un sindicato de estudantes ou algún tipo de organización propia e democrática que substituíse ao sindicato oficial (SEU). A resposta do réxime foi sempre a mesma: expedientes disciplinarios, detencións e peche de facultades ante calquera mobilización. A loita estudiantil na década dos 70 converteuse nun dos principais motores de loita contra o franquismo nos seus últimos anos de vixencia, reivindicando a democratización das universidades, reclamando a fin da represión policial nas universidades, a liberdade de asociación, o uso das linguas propias e, tamén, recriminando a carestía da vida á que se enfrontaban os estudantes. Isto pode ser visto na 1º Reunión General de Bachilleres, levada a cabo en abril de 1975, onde se di que

“los graves problemas que desde hace tiempo tenemos siguen sin encontrar solución. A pesar de las reiteradas voces y acciones de protesta que hemos venido realizando durante todo el curso, el Ministerio se niega a satisfacer nuestras peticiones con lo cual hoy nuestra situación empeora cada día más porque prosiguen los expedientes y las sanciones, la policía está dentro de nuestros Institutos, hoy a nosotros todo se nos impone y no se nos deja participar en ninguna actividad democrática, ni eso nos permite reunirnos y expresarnos libremente, ni se nos reconoce a los delegados, encima este curso se va a aplicar por primera vez las pruebas de acceso a la Universidad que supondrán la prohibición de entrada para muchos miles de compañeros de COU” (Reunión General de Bachilleres, 1975).

A declaración completa pódese atopar nos documentos anexos, mais con este pequeno fragmento xa nos podemos facer unha idea da situación de loita que se estaba a vivir no contexto universitario e estudiantil. Outros aspectos que o alumnado criticou foron os diferentes itinerarios que seguían as formacións profesionais e os bacharelatos unificados (BUP), acusándoos de ser itinerarios segregadores e clasistas. A falta de participación e debate nas aulas tamén foi moi criticada á hora de establecer novas organizacións sen consultalos. Igualmente, seguíase a percibir un control autoritario e centralista. Como apunta Gregorio Valdevira na súa Tese de Doutoramento titulada *El Movimiento Estudiantil en la crisis del franquismo : La Universidad Complutense (1973-1976)*, os diferentes movementos estudiantís planearon unha loita onde seguindo unha serie de puntos, como separar os asuntos políticos dos académicos pero empregar os “asuntos académicos como base para reivindicacións políticas” (Valdevira, 2002: 745).

Un exemplo máis “visual” podémolo atopar cando mentres Europa cantaba o “La la la” de Massiel, en 1968 os estudantes paralizaban Madrid mediante folgas e manifestacións. Alén disto, outro “sector” que estivo moi presente nos cambios socioculturais das décadas dos sesenta e setenta foi a Igrexa Católica. O coñecido Concilio Vaticano II introduciu cambios que trocaron o comportamento do clero español, chegando incluso a que moitos sacerdotes desautorizaran a xerarquía eclesíástica e denunciaran malos tratos e falta de liberdade no seo do catolicismo. Moitos deles foron “protectores dos obreiros”, poñéndose da súa parte e reclamándolle á Igrexa a falta de conciliación tras a Guerra Civil.

Outra forma de oposición contra o réxime franquista que se aprecia a nivel estatal foron as accións dos partidos políticos que, a pesares da actuación clandestina, foron gañando cada vez máis e máis simpatizantes. Xa falamos neste documento da intensa actividade do PCE, que mantivo unha forte oposición ao franquismo, tanto en España de forma clandestina coma no exterior a través de exiliados e exiliadas. Tamén tivo moita forza o PSOE, aínda que máis fragmentado entre os socialistas “históricos” (aqueles

que tiveran que exiliarse) e os “renovados”, os que quedaron no interior. Nesta época tamén cobran forza as accións de sabotaxe e terrorismo, cuxo máximo representante a nivel nacional atopámolo en *Euskadi Ta Askatasuna*, ETA, aínda que este tipo de colectivos foron aparecendo a nivel internacional en momentos semellantes.

Para concluír este contexto estatal, cómpre sinalar a resistencia cultural. Xa fora dende o interior ou dende o exterior, numerosos artistas ofreceron as súas producións culturais, esquivando de diversas maneiras a censura todavía existente, como unha forma de loita contra o réxime franquista: Joan Manuel Serrat, Ovidi, Paco Ibáñez, Chicho Sánchez Ferlosio, Carlos Saura ou o colectivo Estampa Popular son tan só algúns nomes de xente da cultura que se posicionaron contra o franquismo coa súa actividade cultural. En moitas ocasións, os artistas e a oposición política realizarían unha “alianza” co fin de buscar entre todos e todas unha alternativa democrática propia dos momentos de cambio que se estaban a vivir.

2.1.2. Galicia

Cando pensamos en Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela foi o epicentro da actividade política da mocidade estudantil galega contra o réxime. Segundo se apunta no libro *A patria enteira: Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, no ano 1960 había matriculados na universidade galega 62.105, pero en 1970 subiran a 352.000, e cinco anos máis tarde, a 538.000. (Axeitos *et al.*, 2008: 260). E esa era a tónica en todas as universidades españolas. As reivindicacións eran semellantes ás do resto do estado (democratización da universidade mediante eleccións libres, a fin da represión policial nas universidades, a oposición á Lei Villar Palasí de 1970, que introducía unha nova organización estudantil etc.), pero no caso galego vai ter un enorme peso a loita polo emprego da lingua galega.

A loita dos e das estudantes retroalimentou(se) coa loita obreira. Igual que no caso do territorio español, en Galicia estíbese a vivir un momento complexo a nivel social, especialmente nas cidades industriais máis destacadas, como eran Ferrol e Vigo. A loita obreira tivo un papel destacado, pero a pesar diso, as mulleres non tiveron excesiva presenza, salvo nalgunha ocasión particular, como mostraremos máis adiante. No interior do territorio, o agro seguía a ter un importante peso, máis cada vez menor debido ás migracións. Neste momento, o maior peso recae sobre as cidades costeiras, que dispoñen de importantes portos e posicións estratéxicas dentro do propio territorio. Destacan cidades como Vigo, grazas aos sectores automobilístico, naval e conserveiro; Ferrol, debido á súa relevancia na construción naval e historia militar; e tamén Coruña, grazas ás súas refinerías de petróleo e a un sector téxtil en crecemento.

Este contraste resulta importante, xa que mentres territorios máis interiores ían quedando “esquecidos”, a concentración industrial nunha serie de puntos provocou que tamén medrase a concentración de obreiros cunha marcada conciencia de clase e que terían como obxectivo conseguir melloras laborais. Cara finais dos anos 60 e ao longo da década dos 70, en Galicia se viviu un período de fondas transformacións sociais, económicas e políticas, enmarcado nun contexto estatal de tensión onde se reclamaban cambios. Estaba a piques de suceder o que hoxe en día coñecemos como “Transición” e que xeralmente se conta a partir da morte do ditador Francisco Franco en novembro de 1975, mais, como estamos a ver, sería un erro coller unha data exacta, esquecéndonos do que sucedeu inmediatamente antes. Dende xa uns cantos anos antes da morte de Franco existían persoas que loitaban pola democracia e que soñaban cun cambio. Isto palpábase nas rúas, nos comercios, nos cines e, claro, tamén nas

fábricas, onde centos de homes e mulleres (xeralmente homes) permanecían agrupados en pequenos espazos durante longas xornadas de traballo, o que lles permitía falar e debater sobre as súas propias condicións nos mesmos postos de traballo que querían mellorar. A muller, en cambio, tiña outras formas de participar nesta loita obreira tan marcada no territorio galego: fundamentalmente a través do seu marido, pai ou irmán, e a pesares de que debían seguir dedicándose a “sus labores”, as mulleres teceron redes de solidariedade, participando na propia loita obreira grazas ás compañeiras dos seus homes ou familiares. Como indicarei no apartado dedicado ás Mulleres do 72, sería un erro pensar que as mulleres non participaron na loita obreira e que non sufriron as represalias desta.

Para o caso galego, dous fitos parecen erguerse sobre os demais. Se imos cara o documento *El movimiento obrero y las organizaciones sindicales hacia los años 70*, da revista Documentación Social nº 22, atoparemos nas páxinas 62, 63 e 64 os exemplos de “El Ferrol y Vigo”, dos que se di que:

En ellos se puede ver, por una parte, cómo el orden público es restablecido después de fuertes enfrentamientos con las fuerzas del orden y cómo, además, los trabajadores buscan como recurso la solidaridad de la población civil. De nuevo aquí, como en años anteriores, se producirá la muerte de algunos trabajadores en desacuerdo con las condiciones laborales impuestas por la empresa. (Fernández de Castro, 1976: 62-63)

Tanto no caso dos conflitos en Ferrol, caso que analizaremos máis adiante, coma no caso de Vigo, o significativo destes conflitos é que as protestas que ocorren *intramuros* rapidamente pasan á poboación civil, expandíndose como a pólvora a protesta obreira por todos os ámbitos de ambas cidades, nunha importante mostra de solidariedade que vai máis alá das respectivas empresas implicadas. Recollendo as palabras de Gómez Alén nos *Cahiers de Civilisation Espagnole Contemporaine*, é necesario sinalar que neste escenario de alta tensión social, os cadros das Comisións Obreiras comprenderon que a indignación pola dureza represiva empregada en Ferrol e o movemento de solidariedade podía permitirilles conseguir, dende os estaleiros, a ansiada folga xeral na comarca. (Gómez Alén, 2022). Podemos observar como os sindicatos están presentes dentro das industrias e como collen un suceso histórico para, xunto coa ansia social, buscar un cambio político que remate co réxime. Tamén parece rechamante a colaboración de diversas cidades e empresas: Ferrol e Vigo, Bazán e Barreras. No caso vigués, as protestas saltaron cara outras entidades: Citröen, Vulcano, CENSA, etc. En Ferrol ocorrería o mesmo con outras empresas da comarca. Todos estes casos fannos ver un contexto complexo, onde a solidariedade e a protesta buscan precipitar o cambio político que termine coa caída do réxime.

En definitiva, a partir dos anos 60, as accións de protesta multiplícanse: folgas para conseguir melloras salariais, mostras de solidariedade con compañeiros detidos, etc. Atopámonos cun dos grandes momentos do sindicalismo e do asociacionismo obreiro non aliñado co Sindicato Vertical do réxime franquista. As Comisións Obreiras (CC. OO.) foron o xermolo, e tamén foron importantes outros como a UXT, a Fronte Sindical dos Traballadores ou a Unión Sindical Obreira.

Malia a represión propia do momento, tamén podemos falar dunha “resistencia cultural galega”, aparecendo unha nova xeración de intelectuais e artistas, como a coñecida *Xeración das Festas Minervais* desde os anos 50; tamén aparecen nomes como Xohana Torres ou Xosé Neira Vilas, quen publicou *Memorias dun neno labrego*, unha das nosas obras máis relevantes, en 1961. A este florecemento cultural debemos

sumarlle a creación de editoriais que foron chave para o crecemento e difusión da cultura e da lingua galegas, como poden ser a Editorial Galaxia e Edicións do Castro, esta última enmarcada no Grupo Sargadelos, que tamén foi moi importante a nivel cultural. Tamén destaca neste momento a Nova Canción Galega, que facilmente podería ser enmarcada no contexto mundial da “canción protesta” de finais dos 60: Vicente Araguas, Suso Vaamonde, Bibiano, etc. son algúns dos nomes. A comezos dos 70 tamén aparecen grupos tan recoñecidos como Fuxan os Ventos ou Milladoiro, quen recuperan a tradición galega dándolle un toque político. É interesante ver como, igual que se estaba a producir noutras partes do mundo en contra de diversos réximes autoritarios, en Galicia tivemos as nosas propias producións culturais que buscaban reivindicar unha identidade propia a través da literatura, da arte ou da canción.

No referido á resistencia e mobilización, e antes de pasar ao contexto ferrolá, salienta que por todo o territorio galego xa dende os 60 e sobre todo nos 70 comezan a medrar as protestas estudiantís, agrarias e obreiras, en forma de concentracións, folgas e manifestacións, chegándose incluso a producir mortes tamén no rural. Exemplos poderían ser a mobilización que tivo lugar en 1969 contra a construción dun encoro en Castrelo de Miño ou a morte en 1963 de José Esperante, *Che de Pedro*, durante unha loita veciñal polo monte comunal en Mazaricos.

Estes antecedentes fálannos da presenza dunha loita e resistencia contra a ditadura que cristalizaría na década dos 70 coa loita obreira nas “capitais industriais” de Galicia. Neste senso, tamén florecen asembleas, manifestacións e publicacións clandestinas, como xa vimos, moi vinculadas co entorno universitario ou grupos e organizacións políticas, como pode ser a fundación en 1964 da Unión do Povo Galego (UPG).

2.1.3. Ferrol

A historia de Ferrol, entendida como urbe, viuse moi marcada xa dende os seus inicios pola presenza da Armada, o que especializou e “modelou” a cidade ao logo dos tempos. Durante moitas décadas, a poboación apareceu dividida entre os funcionarios da Armada e a sociedade local, que estaba composta en boa parte por traballadores dedicados á construción naval. A partir dos anos 40 do século pasado, Ferrol medra rapidamente, chegando a converterse na terceira cidade galega. No momento dos sucesos do X de Marzal, a cidade departamental chegou a concentrar a unhas 88.000 persoas, moi por arriba dos 64.218 rexistrados no ano 2024 (INE).

Un dos aspectos que máis chama a atención é que, a pesar do elevado número de poboación, o Ferrol dos anos 70 non tiña unhas infraestruturas preparadas para acoller a tal número de xente. Existían graves problemas no referido a infraestrutura urbanística, a educativa e, sobre todo, unha enorme falta de cobertura sanitaria, xa que a comezos dos 70 só existía un ambulatorio e unhas 200 prazas hospitalarias, repartidas por pequenos hospitais ou sanatorios. Nestas 200 camas de hospital non podemos contar as do Hospital da Mariña, que tiña case o dobre, pero só estaban dispoñibles para membros da Armada. (López, 1996)

Este contexto de precariedade nas infraestruturas cobra maior forza cando nos fixamos onde traballaban os e as ferrolás. A maior parte da poboación facíano nun puñado de grandes industria: ASTANO (Astilleros y Talleres del Noroeste, S. A.), que tiña no cadro de persoal a uns 4.000 traballadores propios e a uns 3.000 de compañías auxiliares; MEGASA (Metalúrgica Galicia, S. A.), que protagonizou en 1970 unha folga histórica de máis de tres meses de duración; FENYA (Fabricaciones Eléctricas, Navales

y Artilleras, S. A.), que agrupaba a máis de 300 persoas; PYSBE (Pesquerías y Salazones Bacaladera Española), que pecha en 1973 cando contaba cun plantel de 525 traballadores do 75% eran mulleres; HISPANIA (Fábrica de Lápicos, S. L.); que tamén pecha a súa actividade na década dos 70; PEMSA (Peninsular Maderera S. A.), que tiña concesións para tratar a madeira procedente de Guinea, ata que pecha en 1975. Tamén debemos destacar neste “conglomerado” de industrias á Empresa Nacional Bazán.

Como se pode apreciar, a industria xogaba un gran papel na economía ferrolá dos anos 60 e 70. Esta concentración industrial será fundamental cando a comezos dos anos 70 se inicia un forte movemento de protesta laboral que tivo a súa máxima expresión nas folgas e manifestacións. Ducias de reivindicacións e protestas sacudiron a comarca nestes momentos: MEGASA pecha unha sección de traballo con 76 obreiros en folga; as auxiliares de ASTANO tamén fan un parón con máis de 2.000 traballadores declarados en folga, igual que as auxiliares de Bazán, que teñen en paro a uns 1.000 operarios; a comezos de 1970, os traballadores de Peninsular Maderera botan máis dun mes en folga. A maioría destes paróns e protestas non reclamaban un salario máis alto (ou polo menos, non o facían directamente, aínda que podía ser unha das reivindicacións), senón que os traballadores e traballadoras destas empresas reclamaban dereitos laborais. Solicitaban o que por lei lles pertencía, como convenios colectivos e representación sindical. Por suposto, estas folgas respondían a irregularidades das empresas, que se escudaban en baleiros legais e que cada vez que había un problema, moitas desas sociedades desaparecían e aparecían outras novas, deixando aos traballadores no aire. Destaca tamén a solidariedade entre os traballadores e traballadoras da comarca. Un exemplo da mesma aconteceu no conflito en MEGASA, empresa que mantivo aos seus traballadores 102 días en folga, en reivindicación do Convenio Colectivo e que, a pesar de atoparse en Xuvia, no concello veciño de Narón, tivo unha forte repercusión e solidariedade en Ferrol, onde traballadores de empresas como Bazán ou a PYSBE realizaron numerosas xornadas de apoio, realizando paróns e recollidas para as caixas de subsistencia.

Mais neste contexto de tensión previo aos sucesos do X de Marzal, o relato parece poñer o foco nos homes que eran operarios, pero, onde estaban as mulleres? Oficialmente, segundo a doutrina de Sección Femenina, o lugar das mulleres era o fogar. Ser esposa, nai e ama de casa debía ser o seu obxectivo vital, aínda que nin sequera foran *de facto* as donas dese espazo ao verse sometidas á autoridade do cabeza de familia, xa fora o marido ou o pai. Pero realidade era ben distinta. Isto é o que conta Ánxela Loureiro (2019) sobre como as mulleres coas que contactou para o seu libro tamén participaron nestes conflitos previos aos do 9 e 10 de marzo:

Unha gran porcentaxe das mulleres entrevistadas lembran esas datas moi ben, pois elas estiveron moi implicadas colaborando con esa loita de moi diferentes formas. Igual que efectuara uns meses atrás axudando a Peninsular Maderera, organizáronse para buscar a solidariedade da sociedade con MEGASA (Loureiro, 2019:67).

Aínda que non estiveran excesivamente organizadas, as mulleres de Ferrolterra saíron dos seus fogares os días de folgas e protestas e percorreron os barrios realizando tarefas moi diversas: repartindo octavillas, solicitando e distribuindo alimentos e axudas para os traballadores que o precisaban, facendo comidas, informando á veciñanza, etc. A pesar da súa importante labor, este non foi recoñecido máis alá dalgún comentario en forma de agradecemento en biografías ou documentos moi posteriores no tempo, como poden ser as memorias do histórico Paco Balón (Balón, 1999), onde cualifica de exemplar a solidariedade das mulleres.

Esas loitas que se estenderon por todo o territorio español a comezos dos 70 tamén se viviron en Ferrolterra, moi vinculadas ao movemento obreiro especialmente durante os anos 1975 e 1976, aínda que tamén presentes nos anos anteriores e, por suposto, nas sinaladas datas de marzo de 1972. A raíz destes feitos, en Ferrol fóronse producindo anualmente “sentadas”, entregas de coroas de flores e colocación de pancartas que tiñan ao estudiantado como orixe (Loureiro, 2019). A prensa da época fai especial fincapé destes acontecementos no ano 1975, onde aparecen diversas noticias relacionadas coa lembranza de Daniel e Amador por parte de estudantes, chegando uns cantos a ser detidos e levados á comisaría. É certo que antes dos anos 90, Ferrol non contaba cunha universidade como tal, senón que contaba con varias escolas universitarias técnicas vinculadas ao desenvolvemento da industria naval na cidade. A pesar disto, e tendo en conta o complexo contexto que se estaba a vivir, é convinte destacar que a loita estudantil e a loita obreira viron emparellados os seus camiños dende o inicio, tanto nos territorios vinculados máis ao ámbito industrial (Ferrol, Vigo) como en Santiago de Compostela, onde a Universidade de Santiago de Compostela actuou como “faro” das loitas estudantís e como espazo onde atopar certa liberdade de expresión fronte ao control do réxime franquista.

A pesar de que non é directamente este o obxectivo do traballo, coído que compre sinalar o notable papel que xogaron os curas párrocos de Ferrol, o que aparece reflectido no traballo de Anxo Ferreiro, que forma parte á súa vez do libro colectivo *Memoria histórica do Ferrol de fóra de portas* coordinado por Guillermo Llorca, onde sinala:

A miña participación como cura nestes sucesos de triste memoria quedoume gravada na memoria para sempre. Marcou tamén un tempo de un antes e un despois. Como cura estiven a pé de obra, por así dicilo. Asistín á autopsia que mo pediron, por favor, e tamén o médico forense, Couce Doce, como testemuña para testemuñar que Amador Rey fora morto por bala. Pasara para os obreiros o resultado do médico forense. Fun aos enterros de Amador e Daniel (...). O acto emotivo aumentouno ao dirixirnos unhas palabras e invitarnos a axeonllarnos arredor do féretro que gardaba os restos de Amador. Non quedou ninguén en pé, nin os policías da secreta. (Ferreiro, 2022: 258)

A participación directa nos sucesos do 10 de marzo indícanos que os párrocos, especialmente de aldeas, pobos e cidades pequenas, estiveron moi presentes como “soporte” para a loita campesiña e obreira contra o réxime. No caso de Ferrol, mesmo chegou a falarse dun “cinto roxo”, xa que unha serie de igrexas e parroquias rodeaban os bordes de Ferrol tiñan curas que foron conceptuados de comunistas porque, segundo a policía franquista, calquera que apoiase a liberación dos pobres era comunista.

Este clima de tensión acadou o seu cénit cando foi aprobada a Lei Sindical de 1971, que foi considerada regresiva mesmo por membros do propio réxime. Arreciaron as folgas para mostrar o descontento coa nova lexislación laboral, tanto en número como en conflictividade, levando aos traballadores á realizar folgas que nalgúns casos rematarían con graves enfrontamentos entre as forzas de orde e os propios traballadores. José Gómez Alén destaca o seguinte:

Las elecciones sindicales de junio de 1971 se celebraron en un marco laboral marcado por el aumento de la conflictividad y la represión a la que estaban siendo sometidos los enlaces de las comisiones Obreras como consecuencia de los conflictos sociales (Gómez Alén, 2022:57).

Cómpre salientar que a Lei Sindical de 1971 foi asinada o 1 de abril de 1971, e que tan só uns meses despois se celebraron as eleccións, o que indica a tensión do momento. Con respecto a esta lei, foi considerada como regresiva incluso para moitos sectores afíns ao réxime. Manuela Santalla afirma que nese momento se quebrou a “paz social”, desencadeándose unha oleada de folgas e protestas, rexistrándose case 3.000 folgas entre 1970 e 1973 (López, 1996: 27). Na cidade de Ferrol o descontento polo aprazamento durante dous anos da renovación dos enlaces sindicais provocou que moitos sindicatos e traballadores atoparan problemas á hora de realizar actuacións. Isto foi transcendental para o que acabaría desencadeando nos sucesos do X de Marzal. Outro aspecto a ter en conta é que nese momento era moi difícil preparar as novas candidaturas debido ás trabas que o réxime poñía para realizar reunións entre os traballadores, ao que se debe sumar a propia represión contra os traballadores que pertencían a sindicatos non legais e a propaganda que o réxime realizaba en contra destes sindicatos e, en xeral, de calquera a quen se relacionara “co comunismo”.

En xeral, atopámonos un ambiente marcado pola tensión palpable na cidade ferrolá e especialmente entre os moitos traballadores do sector secundario. Ferrol era un dos principais motores navais de España, concentrando a unha gran masa de emprego fundamentalmente entre ASTANO e a Empresa Nacional Bazán. A pesar do dinamismo e da “axitación” económica e social que se viviu nos últimos anos do réxime aconta das políticas económicas “desarrollistas”, os traballadores de Ferrolterra vivían baixo unhas condicións laborais moi duras, onde eran frecuente as longas horas de traballo, os salarios baixos, os despedimentos sen motivación e a escasa protección social en xeral. Todo isto desencadeou un malestar xeneralizado, ao que había que sumar a represión ditatorial que nesa altura seguía impedindo a libre sindicación e a liberdades individuais como o dereito de reunión e de asociación. Pero, malia o control social e os exercicios de represión, o réxime no conseguiu frear a mobilización obreira ferrolá, que tería como momento álxido os sucesos coñecidos popularmente como do “X de Marzal”.

2.2. X de Marzal

Para falar dos sucesos que tiveron lugar en Ferrol o 10 de marzo de 1972 é necesario remontarse un tempo atrás. Non é este o obxectivo do traballo, mais cómpre salientar a importancia que tiveron os sindicatos dos traballadores en todo o relativo ao emprego fabril no tardofranquismo en Ferrol, especialmente no que ten que ver na Empresa Nacional Bazán de Construcións Navais Militares, que se fundara en 1947 por iniciativa do INI.

No ano 1967, 70 mozos de Bazán foron despedidos alegando un momento de crise na carga de traballo. Estes protagonizarán unha sonada protesta pola cidade que incluíu manifestacións con pancartas reivindicativas, pero co tempo foron readmitidos. Tan só dous anos despois deses sucesos que supuxeron a ocupación do espazo público polos folguistas, apróbanse as peticións do III Convenio Colectivo, e un ano máis tarde, en 1970, iníciase o IV Convenio Colectivo, que se levará a cabo sen presenza representativa de Ferrol, malia que a factoría ferrolá agrupaba uns 5.000 traballadores entre as súas diversas ramas. Son anos de enorme efervescencia sindical, debido a que os traballadores e traballadoras comezan a reivindicar os seus dereitos e melloras nas súas condicións de traballo.

Manuela Santalla rememora a situación:

A principios de 1972 se aprueba el V Convenio Colectivo Interprovincial, sin la asistencia de la representación social de Ferrol y aplicable a las tres factorías, que en ese año presentan el siguiente número de trabajadores: Cádiz, 2.753; Cartagena, 3.176 y Ferrol, 5.486. La representación social de Ferrol presionaba por un Convenio de factoría, que entre otros puntos reivindicaba un salario más elevado para Bazán Ferrol, acorde con el mayor encarecimiento de los precios en la ciudad ferrolana. Apoyarán esta reivindicación los trabajadores con los diversos paros parciales. El día 8 de marzo, la parte social rechazó el Convenio aprobado en Madrid ante la actitud de la empresa de imponerlo y acordaron reunirse en asamblea el día 9 para estudiar la actitud a tomar (López, 1996: 39).

En cambio, en lugar de reunirse en asamblea, o que se atoparon algúns traballadores de Bazán Ferrol cando entraron pola mañá ao seu posto de traballo ese día 9 de marzo foron notificacións de suspensión de emprego e soldo, así como aperturas de expedientes de despidos para catro enlaces sindicais e dous xurados de empresa. Un deses enlaces negouse a asinar a notificación de despedimento, polo que foi agredido brutalmente por un par de gardas, sendo asistido polos seus compañeiros. Ese traballador era Ramiro Romero, cuxa memoria sobre o suceso foi recollida por Ánxela Loureiro:

“Tres gardas xurado metéronme na Revistería. Lembro moi ben a Castro porque foi o que me rodeou cos seus brazos e me sentou sobre as súas pernas mentres o cabo Rouco me daba patadas e puñetazos. Un terceiro era o que se poñía na porta para evitar que se vira dende fóra ou que alguén entrase. Eu revolvíame e patexei todo o que puiden para ceibarme. Nun momento en que puiden escorrerme, collín a máquina de escribir e lanceina contra a ventá. Así foi como souberon os compañeiros que por alí pasaban, colléronme e leváronme á enfermería e Sebastián Ros díxome que me metese en cama pero os compañeiros dixeron que non e leváronme case en volandas” (Loureiro, 2019:94)

Ante esa situación os traballadores acordaron facer unha concentración diante do edificio da dirección, mentres que un grupo na súa representación deles esixía a anulación dos expedientes de despido e a sanción dos gardas que levaran a cabo a agresión ao seu compañeiro. Esta comisión conseguiu reunirse co director, quen non indicou que se foran levar a cabo as medidas solicitadas. Ao non conseguir o que pretendían, os traballadores da Bazán acordan non saír comer e quedar concentrados na explanada fronte ao edificio da dirección ata conseguir que se acepten as súas peticións. Mentres tanto, moitas mulleres das familias dos traballadores de Bazán reuníronse ás aforas da factoría ao ver que non acudiron a comer á casa. Nese momento, fan acto de presenza as forzas de orde pública. Arredor das tres da tarde, a empresa comunica aos traballadores que se non desaloxan a factoría antes das 16.00 horas, serían desaloxados pola forza, informando tamén de que a fábrica quedaría pechada ata nova orde. Arredor das cinco da tarde tivo lugar a primeira carga policial, que se levou a cabo tanto por diante da concentración coma por detrás, empurrando aos traballadores cara unha pequena porta situada ao remate dunha rampla, formando así un “colo de botella” onde ducias de obreiros quedaron esmagados. Os que caían ao chan non podían levantarse e foron pisados por aqueles que escapaban da carga da policía. Ao chegar á porta, outro grupo de policías estaba esperando por eles. A pesar de que os danos persoais puideron ser moi graves (varios miles de obreiros involucrados) tan só tiveron que ser hospitalizados seis traballadores pola consideración das súas lesións, sendo o resto tratados na propia enfermería da factoría. Ao final, moitos deles conseguiron fuxir da fábrica, non sen antes defenderse dos golpes das

porras dos “grises”, de quen tiveron que escapar aínda polas rúas da cidade por onde foron perseguidos.

Á mañá do día seguinte, o xa célebre 10 de marzo, sobre as oito e media, boa parte dos traballadores reuníronse diante do edificio de Sindicatos, situado a poucos metros da fábrica de Bazán. Fixeron unha asemblea e decidiron marchar en manifestación ata Caranza, onde se atoparían cos compañeiros de ASTANO, nunha protesta firme pero en todo momento pacífica. Saíron dende o edificio de Sindicatos, no Cantón, percorrendo a rúa Rubalcaba, a rúa Galiano ata chegar finalmente cara a praza de España, para marchar finalmente cara a avenida das Pías. Estamos a falar dun percorrido de aproximadamente un kilómetro, no que os manifestantes foron cantando consignas en apoio aos compañeiros despedidos e solicitando a reapertura da empresa. A pesares de que a policía coñecía as intencións dos manifestantes, o inicio do percorrido realizouse de forma relativamente tranquila, sen que a policía aparecese. Cando a manifestación estaba chegando á altura das Casas Baratas, a uns escasos 200 metros, a policía tentou desfacela, atopándose con que os manifestantes comezan a lanzar pedras. Nese momento os policías comezan a disparar contra os traballadores. Dá conta do suceso de primeira man Rafael Pillado nas súas memorias:

Púxenme na cabeza do grupo que estaba obrigando aos grises a retirarse, practicamente chegando a primeira fila. Á altura do que hoxe é o centro de formación profesional “Ferrolterra”, só tiña por diante a Daniel Niebla, que corría levando baixo o brazo dereito o seu “buzo” de traballo envolvido ao estilo de Bazán (metido nunha das perneiras, formando unha especie de bóla).

Nese momento, xa a policía estaba chegando aos autobuses que deixaran poucos metros máis atrás e no mesmo sentido, á esquerda, próximos ao valado. De súpeto, Daniel cae dobrándose sobre si mesmo, e queda tendido no chan, nunha estraña posición.

Por un instante, pensei que tropezara. Ao achegarme e intentar levantalo, vin como desde o centro da súa fronte, manaba unha fonte de sangue. Quedei arrepiado. Houben de soltalo precipitadamente, porque advertín que a policía dispúñase a atacarnos novamente. (Pillado, 2012:376)

Case ao mesmo tempo, outro compañeiro, Amador, está sendo trasladado en ambulancia cara o hospital da Coruña, onde finalmente falecería. Novamente, o que comezou como unha protesta pacífica, saldábase cunha brutal agresión contra os traballadores: dous falecidos, catro persoas ingresadas con feridas gravísimas, un grave e tres menos graves. Ademais, centenaes de traballadores foron feridos leves. A cifra tería sido máis alta, mais moitos non acudiron a centros de saúde por temor a ser identificados, curándose nos seus fogares.

Ao terse coñecemento do sucedido, a cidade pechou. Ben fora por temor ou por respecto, o paro foi total en Ferrol: locais, comercios, bares, restaurantes e mercados baixaron a reixa. Tamén pecharon os pequenos talleres e houbo paros nas empresas grandes da comarca, como en ASTANO ou na PYSBE. Durante o resto do día, a policía percorreu a cidade, que se atopaba nun clima de terror, lanzando cargas indiscriminadas contra calquera persoa que se atopase na rúa. Tamén se reforzaron as gardas nos edificios militares e incluso barcos da Mariña apareceron fondeados na ría, preto dos asteiros.

Ao día seguinte, o sábado 11 de marzo, ASTANO e FENYA traballaron con aparente normalidade, mentres que no resto das empresas houbo paro total. Moitos comercios

da cidade xa non abriron ata a semana seguinte. O día 15 de marzo e desa data en adiantetraballouse xa con normalidade en todas as empresas, aínda que os traballadores e traballadoras aínda que permanecerían en tensión durante moitos meses. Moitos deles serían investigados polas propias empresas, acabando algúns perseguidos pola xustiza. Acabaron encartados no Sumario 489/72, popularmente coñecido como “o Xuízo dos 23”, do que falaremos máis adiante, aproveitando as palabras de Josefa Varela, “Fina”, a persoa entrevistada.

A pesar da aparente tranquilidade que intentaban amosar os medios de comunicación controlados polo réxime franquista, o día 25 de marzo de 1975, tan só dúas semanas despois dos acontecementos do 10 de marzo, no Boletín Oficial do Estado podía lerse:

“DECRETO 824/1972, de 17 de marzo, por el que se autoriza la militarización de la Empresa Nacional “Bazán” de Construcciones Navales Militares. Las alteraciones en el funcionamiento normal de la Empresa Nacional “Bazán” de Construcciones Navales Militares afecta a los altos intereses de la defensa nacional en el aspecto de construcciones navales militares. En su virtud y conforme con lo previsto en el contrato entre el Ministerio de Marina y el Instituto Nacional de Industria, regulando las relaciones de dicho Ministerio con la Empresa Nacional “Bazán” (...) DISPONGO: Artículo único – Sin perjuicio de las atribuciones que establece la cláusula 22 del contrato entre el Ministerio de Marina y el Instituto Nacional de Industria, aprobado por decreto dos mil cuatrocientos veinte/mil novecientos sesenta y seis, de diez de septiembre, se autoriza al Ministro de Marina, previo acuerdo con los de Gobernación e Industria para proceder, en el momento en el que lo sea necesario, a la militarización total o parcial de las factorías de la Empresa Nacional “Bazán” de Construcciones Navales Militares, de acuerdo con lo dispuesto en la Ley Básica de Movilización Nacional cincuenta/mil novecientos sesenta y nueve, de veintiséis de abril”. (BOE, 1972)

Asinaba o documento Francisco Franco e o seu vicepresidente do Goberno, Luís Carrero Blanco. Como pode verse, a tensión producida polos enfrontamentos e as mortes obriga ao réxime a sacar unha comunicación institucional na que se fala de armar militarmente ás factorías da Bazán. É neste momento cando debemos de ter en conta a situación xeográfica de Ferrol: unha liña costeira repleta de edificios militares nun lado e unha cidade chega de obreiros e obreiras no outro.

A situación era, efectivamente, de moita tensión, e mantívose así durante moito tempo. Como sinalaba anteriormente, moitos homes e mulleres foron feridos e represaliados, sendo encarcerados e procesados incluso anos despois destes acontecementos. Os relatos contan que nestes momentos os homes eran os que participaban na mobilización, os que loitaban, os que morrían e os que eran encarcerados. Mais onde estaban as mulleres de Ferrol? Como veremos a continuación, elas tamén deben terse en conta para entender tanto a loita obreira como os sucesos concretos do 10 de marzo. De todas significáronse un grupo, coñecidas popularmente como as “Mulleres do 72”, cuxa memoria debe ser recordada.

3. As Mulleres do 72. Que foi este grupo de mulleres?

Se nos fixamos, incluso cando sinaléi as verbas do histórico sindicalista Rafael Pillado, parece que as mulleres non estiveran, coma se non existiran. Esta invisibilización estivo presente, como apuntei, ata o recente libro de Ánxela Loureiro que deu voz ás mulleres de Ferrol. Unha das principais críticas que se lle realiza ao movemento obreiro é que moitas veces pensouse ou construíuse en base a representacións masculinas, excluindo a labor das mulleres. Pero o certo é que as mulleres sempre estiveron presentes na Historia, no X de marzo, e tamén no contexto específico do movemento obreiro de Ferrol. Así o demostra José Gómez Alén:

En este sentido, el sector social más dinámico lo constituyeron las mujeres que, por diferentes razones, se incorporaron a las protestas laborales y contribuyeron a darle una mayor intensidad a las movilizaciones obreras. En algunas empresas de Galicia habían protagonizado frecuentes conflictos por los deficientes condiciones de trabajo, la discriminación salarial hola negociación de convenios en el sector de las mariscadoras de la provincia de La Coruña o de Pontevedra y en empresas en las que predominaba la mano de obra femenina como PEBSA, PYSBE o Álvarez. Incluso se habían dado los primeros pasos para la organización específica de las trabajadoras dentro de las Comisiones Obreras. Pero fue a principios de los setenta cuando la lucha de las mujeres dio un salto cualitativo en sus planteamientos teóricos, en su participación en los conflictos sociales y en la propia capacidad autoorganizativa (Gómez Alén, 2022:80)

Coma se pode apreciar, as mulleres participaron na loita obreira moito antes dos feitos sinalados do X de Marzal, só desapareceron do relato posterior, xeralmente realizado en masculino. Cando sinalaba as folgas de MEGASA ou de Peninsular Maderera, as mulleres xa estaban alí, ao mellor non en forma de organización ou de sindicato. Un dos aspectos que máis destaca das mulleres na loita obreira, tanto nos feitos previos coma durante os días 9 e 10 de marzo de 1972, é o seu dinamismo. A partir dos anos 70 fundamentalmente, a través do Movemento Democrático de Mulleres, o Partido Comunista ou algún sindicato, as mulleres participan en todas as fronteiras da loita obreira: nas mobilizacións a pé de rúa; pechando comercios cando era necesario; realizando incluso concentracións exclusivas de participación feminina; colaborando nos encerros e nas asembleas; elaborando e repartindo propaganda e panfletos; recadando cartos e roupas para as caixas de resistencia e para todas aquelas persoas que puideran precisar delas; facendo comidas e acollendo a fugados; etc.

Mais... Quen eran, en concreto, e que fixeron as “Mulleres do 72”? Rosa Cal conta no documental “¡Esto se cae! Homenaxe ás mulleres (2018) que as mulleres xogaron un papel importantísimo e indispensable a pesares de facelo xeralmente “na sombra”, xa que se había 200 varóns encausados, por exemplo, había 200 familias, había 200 mulleres que estaban alí para apoialos e que quedaron soas ao cargo de facenda e fillos. Podemos considerar que a gran maioría das mulleres que participaron nos sucesos do 10 de marzo estaban alí porque anos antes tiñan collido conciencia de clase, e que esa conciencia puido vir de coñecer a homes que efectivamente tiñan contactos con partidos de esquerdas, comunistas e sindicatos. Eles foron os que participaron “dende dentro”, pero cando elas os coñeceron e se uniron, tamén as mulleres tiveron moito que dicir. A muller do obreiro, a nai do obreiro, etc. son parte fundamental dos acontecementos, precisamente por ser as compañeiras do obreiro pero non soamente

por ese feito, elas participaron dunha forma activa e solidaria. Nese mesmo documental, Sari Alabau, unha destas mulleres do 72, comenta que as que protagonizaron o encerro na Concatedral de San Xulian en Ferrol, meses antes do X de Marzal, xa non eran “mulleres de”, senón que eran suxeitos xa con conciencia sobre as cousas que facían e a sabendas das consecuencias dos seus actos.

O “problema” á hora de falar de “Mulleres do 72” é que, a pesar de que algunhas delas estaban organizadas, por exemplo, Fina Varela, a miña entrevistada ou a propia Sari Alabau, outras moitas non o estaban. É certo que podemos acoutalas máis debido a que moitas teceron redes grazas á súa participación política e a súa militancia comunista clandestina. Son mulleres que entraron no antifranquismo por influencia dos seus compañeiros pero que realizaron accións propias, tanto o día 10 de marzo coma antes ou despois destes acontecementos. Cómpre comentar aspectos relacionados coa participación das mulleres o día 10 de marzo de 1972, destacando a solidariedade daquelas mulleres que realizaron accións diversas. Pero tamén deben ser recordadas aquelas mulleres que, sen pertencer a un partido, sindicato ou asociación en concreto, abriron as portas das súas casas, axudaron a sandar aos feridos ou realizaron accións en prol da loita obreira.

O 10 de marzo, cando Ferrol xa levaba un tempo en tensión, os obreiros levantáronse co obxectivo de ir á fábrica a buscar unha solución polo peche da factoría e os despedimentos. Moitas mulleres pedíronlles aos seus compañeiros que non foran, debido ao trastorno que iso podía supoñer para a familia. Se pensamos na loita obreira como homes que loitan polo seu traballo, esqueceríámonos da outra metade da familia, xa que a muller tamén sofre na loita obreira, e faino de forma “amplificada”: polo seu marido, pola falta de información que pode ter, polos seus propios fillos, etc. É difícil establecer un número de mulleres que acudiron na manifestación xunto cos obreiros antes dos disparos. Do que si existe coñecemento é de que había varios grupos de mulleres que seguiron percorridos diferentes. Un grupo delas, entre as que se atopaba Fina Varela, xunto con outras mulleres que estaban organizadas politicamente, como Encarna Puente, Ánxela Loureiro ou Josefina López, fixeron de piquetes pechando comercios polas rúas da cidade en solidariedade cos seus compañeiros. Outro grupo era os das traballadoras dos comedores das factorías, caso de Elisa Penabad. O máis probable é que houbera máis, pero a falta dunha organización clara e a confusión do momento fan moi difícil a investigación. No libro de Ánxela Loureiro (2019), quen participou de primeira man nesta protesta laboral, apúntase que só se ten coñecemento dunha muller que asegurou estar alí no momento dos disparos. Engado aquí a testemuña:

Sáimos da porta do estaleiro na manifestación eu co meu home e á altura das Pías, cando empezaron os tiros, Riolo (sempre lle chamei así a Riobó) avisoume, díxome ¡Señora, quítese de aí! Aparteime e o tiro que viña para min, matou a Daniel. Para min que os disparos viñan da igrexa do Pilar” (Loureiro, 2019: 108)

Ese é o testemuño de Manuela Valcárcel Luaces, coñecida como “Mela la Carbonera”, quen se converteu nunha das mulleres máis representativas nos sucesos do X de Marzal. Ela foi procesada polo TOP e condenada no “xuízo dos 23” a un ano de prisión por terrorismo. Faleceu no ano 2003.

As mulleres que quedaran debatendo que estratexia seguir non viron directamente os disparos, mais atopáronse cunha situación do máis angustiosa. Moitas cruzáronse

con traballadores que fuxían das balas, algúns deles feridos, escoitando berros de que había feridos e que era probable que houbera mortos. Nesa situación de medo e tensión as mulleres do 72 decidiron marchar cara o Ambulatorio, que aínda estaba pechado, para bater nas portas e berrar para que os sanitarios atenderan aos feridos. Despois diso, percorreron toda a cidade, parando nas diversas clínicas e sanatorios, todo iso sen saber sequera se os feridos ou falecidos serían familiares ou compañeiros (Loureiro, 2019: 118).

Nos momentos seguintes, as narrativas varían con respecto ao que se coñece por outras fontes de información. Moitas das mulleres chegaron á conclusión de que a cidade se blindou sen ningún tipo de coacción, que era tal o grao de nerviosismo na cidade que os comercios pechaban as súas portas, incluso avisando aos traballadores e estudantes de que non estiveran nas rúas. As mulleres tamén están de acordo en que as manifestacións foron formándose dun xeito aleatorio e improvisado polas rúas da cidade, e que non só estaban os traballadores, senón que se foron unindo centos e centos de persoas que protestaban contra a brutalidade policial. Non se atopan fontes escritas ou fotográficas onde se describan estes momentos, xa que a prensa, controlada polo réxime, dende o primeiro momento manipulou a información, afirmando que a situación na cidade era de “calma absoluta” e de “normalidade”.

Segundo outras fontes a realidade foi ben distinta. A cidade estivo en tensión e con medo durante moitos días despois dos feitos. Existe información sobre varias manifestacións e concentracións con altas taxas de participación femininas. Ánxela Loureiro conta no documental “*¡Esto se cae!*” como as mulleres colléronse dos brazos formando unha especie de cadea mentres berraban “A-SA-SINOS!, A-SA-SINOS!”. Tratouse dunha acción case impulsiva, mais tremendamente valente e que demostra a gran solidariedade e compromiso das mulleres nun contexto de tanta violencia coma este. Nos anexos do TFG incorpórase un recorte de prensa aparecido durante o “Proceso dos 23”, onde ademais de narrarse a detención de Fina Varela, apórtase un dato moi interesante sobre unha destas manifestacións: estaban presentes unhas 80 mulleres.

A propia Ánxela Loureiro comenta:

Creemos que Ubalda Estévez Alvariño, viúva de Amador Rey Rodríguez, e Miluca Díaz Garrote, viúva de Daniel Niebla García, son vítimas que aínda non tiveron tal recoñecemento. Sentimos non poder engadir os seus testemuños e solidarizámonos coa súa dor. Imaxinamos os seus padecementos ao ter que vivir a perda dos seus seres queridos, de non poder velos rodeados das persoas achegadas e de ter que enterralos custodiados pola Policía coma se fosen uns delincuentes (2019:119).

Ademais dos mortos e dos feridos, outra situación que xerou moita tensión na cidade foron as detencións. As autoridades culparon dende o primeiro momento aos traballadores e traballadoras, polo que moitos, ademais de ter que escapar das balas, tiveron que fuxir da persecución policial posterior. Neste momento tamén aparece a solidariedade das mulleres, xa que moitas acolleron nos seus fogares a familiares e coñecidos que fuxían, nunha situación dramática onde moitas delas non sabían sequera se os seus seres queridos seguían con vida ou se estaban feridos na casa doutra persoa. A persecución policial foi incesante, como demostra que nos enterros de Daniel e de Amador, Raúl Pillado foi detido ao ser confundido co seu irmán Rafael.

As mulleres do 72 son tamén coñecidas por levar a cabo múltiples accións reivindicativas máis alá do 10 de marzo, tanto legais coma ilegais. Algunhas desas accións parecen do máis corrente, pero no seu momento, e tendo en conta o contexto, foron accións moi significativas. Entre elas atópanse reunirse co bispo de Ferrol (o que acadou unha tirada en periódicos internacionais), visitar ao decano do Colexio de Avogados da Coruña, entrevistarse co Capitán Xeral en xuño do 72, concentrarse na Prisión Militar de Caranza, escribir peticións aos ministros, realizar comandos e protestas con pancartas, repartir propaganda (claro, ilegal) e unha longa listaxe de actos que tiñan como meta denunciar a situación de indefensión e falta de dereitos dos seus familiares varóns e das súas compañeiras.

Moitas destas mulleres atopáronse cunha dobre represión: por ser mulleres e por ser “mulleres de”. Moitas delas sufriron rexistros abusivos e detencións ilegais, o que a algunha a levou a cambiar de residencia. Algunha delas tivo que presenciar como todas as noites durante polo menos un mes levantaban ao seu bebé do berce para facer un “registro completo”. Moitas desas mulleres non tiñan un traballo asalariado, senón “sus labores”, polo que tampouco podían dispoñer de recursos económicos cos que se defender legalmente. É por iso polo que tamén destaca o movemento das mulleres: ao tecer redes, establecíanse múltiples contactos de solidariedade entre elas, mostrando o seu apoio mutuo pero tamén aportando recursos para aquelas que non tiñan cartos e para calquera persoa que puidese precisar deles.

O 10 de marzo tivo efectos xurídicos sobre as súas vidas. No xa mencionado “Proceso dos 23”, que tivo lugar a partir do 1 de xullo de 1975. Algunhas pasaron pola cadea e outras recibiron multas. Fina lembra as que tiveron que afrontar un mes de presión no Cárcere da Coruña ao negarse a pagar as multas impostas. Milleiros de persoas concentráronse mostrando o seu apoio ás 23 persoas que ían ser xulgadas, das que 20 eran homes e 3 mulleres. O proceso, contemplado e estudado incluso dende o estranxeiro, foi longo, saldándose cunhas condenas de 7 anos para Rafael Pillado, Manolo Amor (esposo de Fina, quen saíu absolto) e José Riobó. A única muller xulgada que foi condenada foi Manuela Balbina Valcárcel, “Mela la Carbonera”, penada cun ano de cárcere por terrorismo, como xa se apuntou. A última das acusadas, Sari Alabau, quedou absolto (Loureiro, 2019: 261).

Ao finalizar o xuízo, as Mulleres do 72 continuaron a súa loita de formas moi diversas. Continuaron participando en asociacións ou en partidos políticos. As sobreviventes seguen tendo unha traxectoria vital marcada pola participación social en manifestacións e concentracións por diversas causas sociais e políticas. Moitas destas mulleres, a pesar das súas avanzadas idades, acoden ás manifestacións do día 8 de marzo, ás concentracións que se producen semanalmente en contra do xenocidio palestino e reclamando melloras nas pensións, sempre cun espírito combativo e loitando polos dereitos da cidadanía. Algunha destas mulleres, coma veremos a continuación a través das verbas de Fina, están algo desencantadas ou desilusionadas co futuro, pero non lles impide saír ás rúas cando consideran inxusta unha situación.

4. Investigación específica: A memoria dunha das “Mulleres do 72”

Os sucesos que tiveron lugar en Ferrol os días 9, 10 e 11 de marzo de 1972 deben ser reivindicados e estudados, pero tamén dende o punto de vista da Historia das Mulleres. É por iso polo que decidín “somerxerme” directamente nela. Puiden facelo a través dun exercicio de historia oral a unha das protagonistas. Durante unha hora Josefa Varela “Fina” conversou e respondeu ás miñas preguntas rememorando episodios que resultan moi difíciles de comentar para ela. Fai 53 anos, esta muller viviu de primeira man un feito histórico que trocaría para sempre a súa vida.

O 10 de marzo de 1972, Fina era unha máis das mulleres que tiñan ao seu compañeiro nunha situación complicada no traballo. Como moitas outras, espertou esa mañá co obxectivo de mostrar todo o seu apoio aos traballadores da Bazán e, como moitas outras mulleres, sufriu e teme polo vida do seu compañeiro, de familiares e de amigos e amigas. Tras ese suceso, foi detida nunha manifestación de mulleres pola rúa Real de Ferrol. Levárona á comisaría e, tras acudir alí seu pai (quen fora Garda Civil) deixárona en liberdade. Nese momento, a policía aínda non sabía que o seu compañeiro era un sindicalista histórico da cidade, Manuel Amor Deus. Cando se soubo, a policía foi buscala. Pero ela non estivo localizable durante un mes, agochándose en casas doutros traballadores e de amizades. De vez en cando recibía mensaxes para ver ao seu esposo, tendo que facer percorridos perigosos e complexos, incluso tendo que chegar a disfrazarse. Ela acompañou a Manolo Amor o día que este se entregou para ser detido, o 14 de abril de 1972. O 9 de maio, fixo unha maleta pequena e entregouse ela tamén, xa que non ía pagar a multa que lle fora imposta, afrontando así un mes de prisión. Como xa comentei, foi encausada no “Proceso dos 23”, do cal saíu absolta, pero a pesares do fallo ao seu favor, seguiu loitando pola amnistía dos seus camaradas e, despois, a amnistía xeral.

A idea da realización desta entrevista apareceu xa no acto de homenaxe ás Mulleres do 72 no Teatro Jofre de Ferrol, no ano 2018. Naquel momento eu non sabía que ía a estudar Xestión Cultural (grao que nin sequera existía), pero si que tiña claro que no futuro estaría encantado de poder coñecer en maior profundidade uns sucesos tan destacados para a miña cidade, así que, cando apareceu esta oportunidade, non dubidei nin un segundo. Ademais, existe a idea ou o prexuízo de que a loita obreira foi e é algo exclusivamente dos homes. Na actualidade, esa idea está máis desbotada, pero que ocorreu coa loita obreira no pasado? Estaban presentes as mulleres? Estaba claro que se había homes, tiña que haber mulleres tamén. Pero por que non aparecían? Por que non se falaba delas? Todas esas preguntas empezaron a aparecer na miña cabeza e cando chegou a hora de escoller un tema para a realización do traballo de fin de grao, novamente o tiña claro.

Para darlle forma a este documento, a entrevista xoga un papel moi importante, non tanto polo contido en si, do cal xa fun comentando o contexto xeral, mais si para o que significa e como é transmitido por unha persoa que viviu os acontecementos dende dentro e que tivo a valentía de contalo, e que o contou dunha forma directa, clara e sen artificios ou adornos. Co obxectivo de recuperar a súa experiencia de forma oral, realicei esta entrevista no salón da súa casa, sentados ambos os dous na súa respectiva cadeira e cun par de cafés.

A entrevista foi realizada o día 23 de marzo de 2025. Gravei o contido en forma de audio e non foi preciso que Fina empregase un nome falso, as súas iniciais ou outro tipo de forma coa que agochar a súa identidade. Máis alá diso, e para poder realizar correctamente a entrevista, tivo que asinar unha autorización para poder empregar con seguridade os contidos que na entrevista se adquiriran. Dita autorización, que Fina asinou encantada, atópase nos materiais anexos.

Un dos aspectos que tiña claro que ía empregar na entrevista foi a primeira pregunta. Sabía que Fina é unha persoa directa, polo que a miña pregunta inicial, co fin de romper o xeo, foi tamén directa:

Iker- A primeira é “Quen é Josefa Varela?”

Fina- Quen é Josefa Varela? Pois unha muller de 83 anos que naceu en Mugardos, son filla dun Garda Civil, casei cun de Bazán e estou viúva (risas).

Debo recoñecer que, a medida que ía realizando a entrevista, ocorréronme dúas cousas. A primeira delas, foi a comodidade coa que me sentín. Era necesario falar con respecto e con coidado, e coido que Fina tamén se sentiu a gusto. O segundo aspecto que percibín foi que non podía realizar a entrevista tal e como a concibira. No momento, algunha das preguntas me pareceu que non tiña sentido formulala, ben fora porque o seu contido xa fora respondido nunha pregunta anterior ou simplemente porque non o considerei oportuno, debido á dureza que lle podería supoñer á persoa entrevistada ter que recordar aspectos especialmente dolorosos da súa vida. Aínda así, foron varios momentos nos que, tanto entrevistada coma entrevistador nos emocionamos. Estas pequenas “modificacións” son perfectamente factibles no tipo de entrevista elixida, semiestruturada con final aberto.

Esta entrevista nunca pretendeu “reconstruír” os feitos de forma obxectiva. Como toda fonte oral é subxectiva, e é esa subxectividade o que me interesaba. Xa se fixeron homenaxes, xa se escribiron libros sobre os sucesos, dos que neste TFG se ten feito un sucinto resumo. O que eu buscaba era esa personalidade, ese mensaxe directo que me amosase como a Historia nos envolve a todos e todas nós, e da que todos e todas podemos ser protagonistas, ben sexa de forma intencionada ou por azar, por atoparse nun lugar e nun momento concreto. A forma na que planeei a entrevista foi de forma “biográfica”. Comezando con preguntas sobre a súa infancia (como foi a súa infancia, como foi a súa relación cos seus pais), seguiron preguntas sobre a súa “vida adulta”: quen fora o seu marido e como lle influíu coñecelo foron preguntas chave para dar pé a falar das súas ideas políticas e reivindicativas, como por exemplo saber como era a “comunidade feminina” no seo dun partido ilegal nese momento, como foi o Partido Comunista. Tamén houbo un oco para preguntarlle pola idea de que na loita obreira só participan os varóns. A continuación, engado algún fragmento sobre esta parte da entrevista, a cal está completa nos documentos anexos:

Iker- Úneste ao Partido Comunista pouco despois de coñecelo...

Fina- Non. Despois de casada.

Iker- Despois de casada, ok. Como era, pois, estar afiliada a un partido ilegal nesa época, como era esa contorna?

Fina- Bueno, pois era estar convencida de que querías cambiar esto, de que non estabas conforme coa maneira que tiñamos. (...)

Iker- E nesa loita, neses principios, como era digamos a “comunidade feminina”? Como participaban as mulleres?

Fina- Non, mira, nese momento non estabamos participando as mulleres. Pero empezaron a surxir problemas, como na PYSBE, Madreira, a Fábrica de Lápicos, MEGASA, etc. Entón os compañeiros empezaron a contar con nós e a explicarnos o que estaba pasando, e que colaboráramos con eles. Entón empezamos a colaborar, e aí surxiu que unhas cantas mulleres participamos con eles, entre elas estaba eu. Bueno, estivemos axudando a toda a xente. Cando houbo un encerro en San Xulián ían a estar os traballadores e as mulleres, pero mulleres había poucas, entón nos “liaron” a nosoutras para que foramos. E nós somos tan obedientes que fomos. Foi en San Xulián, pero entrou a policía e nos botou. Entón claro, non nos quedou outra que saír, pero subimos pola calle da Igrexa toda arriba, ata a praza de España. Na praza de España daquela, onde está agora a Xunta, alí non había nada, era unha silveira, e aínda unha compañeira enganouse na silva e dixo “Aaah, que me agarran!”. “Si, non te agarra ninguén que é unha silva. Veña, camiña” (risas). Entón pois iso empezou así. Despois formamos o Movemento Democrático de Mulleres. Éramos bastantes. Non todas eran do Partido Comunista, pero un número si éramos do Partido. Entón, pois fomos tirando, entre problema e problema nós estabamos participando”. (...)

“Iker- E fronte, digamos, a ese estereotipo de “loita obreira exclusivamente masculina” que sempre se nos ven á cabeza?

Fina- Claro, e que sempre se falou que era o deles. Falouse sempre dos homes, das mulleres nunca se falou. Nós non existimos. De feito hasta fai pouco as mulleres nunca estiveramos nese “jaleo”. De feito hasta que Ánxela, que tamén estaba naquela, que Ánxela era unha chavalita, tería dezaseis anos ou así, e xa estaba tamén, porque estaba nas Xuventudes Comunistas, e tamén estiveron aí. E Ánxela escribiu un libro referíndose ao que fixéramos as mulleres. E despois o Concello, cando estaba Sainza de concelleira nos fixeran unha homenaxe ás Mulleres do 72. Entón saímos. Pero antes nunca se falara das mulleres, as mulleres parece ser que non existían”.

Tamén foi moi interesante comprobar como cousas que me estaba a contar Fina xa as vira e lera noutros materiais. Algunhas cousas as explicara ela mesma anos antes, por exemplo, para o documental “¡Esto se cae!”; outras anécdotas as contaran outras compañeiras das Mulleres do 72 dende outros puntos de vista; ou tamén nos propios libros e artigos de prensa aparecían anécdotas de Fina que eu podía recoñecer na historia da cidade, incluso de forma física e presencial, ao pasar por lugares que ela me narraba e aos que eu non prestara demasiada atención, mesmo incluso no barrio onde me criei ou por rúas polas que pasaba todos os días. E foi precisamente ese un dos aspectos que máis me interesaba á hora de facer a entrevista, polo que o deixara para o final, xa que tocaba máis ben a actualidade. O primeiro que me contou Fina durante a entrevista, como amosei anteriormente, foi que é unha muller de 83 anos que nacera en Mugardos. Que opinión tería ela, que ten moita experiencia na loita obreira, sobre o panorama obreiro na actualidade? Pensaría que a mocidade coñece o que ocorreu na súa propia cidade? Que mensaxes lles transmitiría ás novas xeracións? Estas son algunhas das respostas:

“Iker- E actualmente, como ves a situación, o “papel” da muller na loita obreira en xeral?

Fina- Home, penso que algo se fixo, e que si, que efectivamente a muller agora participa moito máis, está máis enterada do que... porque daquela época as mulleres non o estábamos practicamente, salvo a que seu pai ou seu tal era, porque era o que pasaba en xeral, que seu pai era comunista. Entonces os fillos foron para onde estaba o pai, non? Pero as mulleres... Por exemplo, eu. Eu o entendín e o vin cando o vivín, pero eu antes non sabía nin que iso existía, nin que... “Nin puta idea” (risas). E a maioría das mulleres igual. Sen embargo hoxe eu vexo que as mulleres, máis que pola cousa social, a muller hoxe se preocupa da igualdade, de participar nas cousas, de estar presente. De feito, moitas máis mulleres estudan hoxe que as que estudabamos antes, porque antes o que tiña que tal era o home, pero a muller ... en casa que estaba, alí coa sartén, “de puta madre”. E agora eu vexo iso, que efectivamente, que a muller está. Pero sen embargo, a sociedade en xeral non vexo eu que participe nin que este preocupada. “Es que ahora se vive muy mal”, e eu digo: “Ti non sabes o que é vivir mal” (...)

“Iker- E continuando con ese tema, que bueno, se teñen feito poesías, libros, documentais... Ao fío disto, cres que na actualidade a xente coñece o que aconteceu aquí, nesta cidade, nestes barrios?

Fina- Non. Non. Mira, o outro día viña eu nun taxi, que foi o 10 de marzo. Bueno, eu fun á manifestación, que saíu da Bazán, e para vir para casa collín un taxi. Pois falando co señor, e non era noviño eh!, eu non sei que anos tería pero non era un chaval, era un señor. “Ni puta idea”. Non sabía que era o Día da Clase Obreira Galega, nin sabía que había pasado en Ferrol. (...) A xente non sabe. A metade da xente de Ferrol... Que metade, moita máis, non sabe o que pasou neste pobo. E que é unha vergonza que non coñezas o que pasou no teu pobo. Pois non o saben”.

(...)

“Menos mal que xa non vou a ver moito máis, pero non te da ganas de nada. A palabra podería ser “decepcionada”. Claro, é que dis: “Tanto que se fixo, tanto que loitamos, tan mal como o pasamos... e agora?”... E que o que facíamos non era soamente polo convenio. Nosoutros a loita que tiñamos non era tanto polo convenio, o que pasa é que o convenio nos axudaba a tirar para adiante. E que era a maneira que tiñas de poder facer algo. Pero está claro que o que queríamos era cambiar o mundo”.

Nas súas palabras, cara o final da entrevista, mesturáronse o orgullo por toda unha vida pelexando pola liberdade e pola xustiza, e a tristura porque a xente non coñecera nin se interesara polo pasado da súa cidade ou da súa terra, así coma do momento de auxe da ultradereita que estamos a vivir.

Outro dos temas centrais nesta entrevista foi o relacionado co X de Marzal e o Proceso dos 23. Para esas preguntas, case obrigatorias de realizar, tratei de presentar un bloque máis xenérico, onde a propia entrevistada me contase o que ocorreu dende o seu propio punto de vista e considerando as anécdotas que para ela foron máis relevantes. Que ocorreu o 10 de marzo de 1972 ou quen foron as Mulleres do 72 foron

algúns deses interrogantes. As respostas de Fina, aínda que concretas, mesturáronse con anécdotas de compañeiras, da súa estancia no cárcere ou de cousas que lle ocorreron a seres queridos. Un exemplo disto é cando lle preguntei polos sucesos do X de Marzal, e cara o final da pregunta respondíame isto:

“Nós só sabíamos que había mortos e feridos pero non sabíamos quen eran. Bueno, despois, de alí a un tempo e tal, levaron para San Javier a Daniel. Non, a Amador. A Amador. Levárono para... Que foi o primeiro que... Ao outro levárono para Coruña porque estaba... vamos, estaba peor, e foi Julio Aneiros con el dándolle sangue. E claro, pero morreu tamén ao chegar a Coruña. E bueno, tivemos, claro, unha serie de problemas. Eu tiña un neno de seis anos e... Bueno, lo pasamos mal.”

Máis da cincuenta anos despois destes sucesos, as imaxes seguen moi vivas na súa memoria. O recordo da morte dos seus compañeiros, o sufrimento polo seu marido, ter que andar fuxidos, etc., todos eses recordos fixeron que a súa voz se quebrase e que tivéssemos que parar un momento.

Con respecto ás Mulleres do 72, o máis chamativo foi a forma en que contou a súa experiencia. Hoxe en día, un grupo de rapazas en pleno final do franquismo berrando amnistía e liberdade polas rúas de Ferrol parece do máis rechamante ou case “exótico”. Pero nese momento, tendo en conta todo o contexto, esta actitude era a máis normal do mundo para elas, xa que crían nunha causa:

“(…) as Mulleres do 72, as máis “destacadas” por así dicir, porque ser eramos moitas máis, pero quen mellor dábamos a cara ou levábamos a cousa adiante, éramos un grupo non moi grande. De feito teño aí un almanaque que fixo unha compañeira no ano 22, cando facían os cincuenta anos, e estamos un grupo delas. E era Maruja Loureiro, “Angelita”, Encarna, Fina Piñón, Divina... bueno, un pouco as mulleres dos que estaban presos, pero había máis que nosoutras (...)”

Tamén podemos ver esa idea que eu pretendía destacar neste documento. É certo que houbo un grupo de mulleres que “levaron a voz cantante” debido á súa situación e a dos seus seres queridos, e que esas mulleres merecen ser recordadas como Mulleres do 72, mais polo medio, igual sen tanta “relevancia”, aparecendo de vez en cando, unhas mulleres anónimas tiñan un papel tamén moi relevante, ben fora facendo bocadillos, facendo unha cama no chan para acoller a un fuxido ou pechando o seu comercio en solidariedade. Nun recorte de prensa que citei anteriormente, e que se pode atopar nos materiais anexos, vemos como tras os asasinatos de Daniel e Amador houbo polas rúas de Ferrol unha manifestación dunhas 80 mulleres. Nada menos que 80 mulleres berrando contra a brutalidade policial en plena loita obreira, nuns fitos que tiveron eco internacional dende o primeiro momento.

En definitiva, a testemuña de Fina non só permite ver como foi a militancia contra o réxime nos anos 70. As palabras de Fina permítenos comprobar como foi a vida dunha muller valente, e a través da cal podemos “reconstruír” as vidas de moitas outras mulleres que practicamente non tiveron oco nos libros nin na memoria. Mulleres como Josefa Varela, “Fina”, pertencen a unha xeración que é digna de estudo. Pola súa loita, e pola solidariedade demostrada. Penso que non hai mellor forma que rematar este apartado coa última frase de Fina na entrevista: *“Pero está claro que o que queríamos era cambiar o mundo.”*

5. Reivindicación: por un espazo para a memoria

Cando anteriormente comentaba que a muller non tivera sitio ou voz na Historia, podería referirme especificamente á historia ferrolá, mais este é un patrón que se repite ao longo das nacións occidentais dende fai bastantes séculos, polo que a cidade departamental estaría a cargar cun peso que non é exclusivamente seu. Mais tampouco é menos certo que dende os sucesos do X de Marzal, non se fixo practicamente nada por facer memoria destes sucesos, exceptuando algunha intervención artística, como a obra de Xoan Braxe que tan ben recolle a esencia do acontecido, ou algunha que outra placa conmemorativa ou cambio de nome dalgunha rúa. Persoalmente considero insuficiente o que se fixo, en xeral, e sobre todo sobre Mulleres do 72, que se fixo aínda menos. O único salientable podería ser a homenaxe realizada en 2018 polo Concello de Ferrol, un acto puntual que non deixou pouso.

Na actualidade, un dos recursos máis interesantes para a preservación e divulgación da memoria son os museos *on line*, seguindo o exemplo do Museo Virtual de la Guerra Civil Española (<https://www.vscw.ca/es>). Nestes espazos virtuais o público interesado pode acceder a uns contidos dende calquera parte do mundo e con liberdade de horario. Romperíanse así os límites físicos do espazo, incorporando tamén múltiples formatos de contidos, coma fotografías, infografías, textos adecuados aos dispositivos multimedia, vídeos e foros para fomentar o debate. Esta opción facilitaría ir incorporando pouco a pouco, e conforme se foran atopando, materiais e actualizando informacións e datos sen depender da rixidez que ofrece un espazo físico.

Nun “Museo virtual das Mulleres do 72” poderíanse crear sinerxías con centros educativos que non tiveran posibilidade de desprazamento (por motivos económicos ou de lonxanía) o que tamén axudaría á divulgación entre a xente máis nova. Sería interesante ubicar dentro do museo virtual unha plataforma colaborativa de acceso sinxelo, onde sacando unha fotografía ou gravando un vídeo a persoa que o desexe compartir un contido puidese facelo (sempre tras unha revisión dos contidos que achegue) sen excesivas complicacións, dándolle un nesgo interactivo ao lugar de memoria. Un exemplo diso sería a creación dun espazo na páxina web do museo virtual titulado “Achegas do visitante”.

Malia que poida parecer máis sinxelo de xestionar un espazo virtual ca un físico, os museos virtuais teñen tamén as súas propias dificultades e demandas. Son proxectos que precisan de moito tempo de traballo e continuas actualizacións, tanto nos sistemas web coma nos propios contidos que se amosan. Tamén son espazos que se atopan baixo problemáticas externas, coma poden ser os cortes de luz, os virus informáticos ou, ao atoparse na rede e tratándose dun espazo de memoria feminista, podería atoparse baixo ataques de odio en forma de ataques machistas, vandalismo dos contidos virtuais ou campañas de desprestixio ou desacreditación nas redes sociais. Fronte a isto, o que se pode facer é estar previstos, moderando os comentarios e elaborando unhas políticas do sitio web que non toleren este tipo de comportamentos nocivos e que saiban reaccionar fronte fallas externas.

Non se desbota, de ter a financiación necesaria, que o museo virtual conte cun referente físico. O obxectivo do espazo expositivo non mudaría: crear un espazo permanente onde reflexionar e aprender sobra a participación das mulleres nos sucesos do 10 de marzo de 1972 en Ferrol. Ao tratarse dun espazo físico, agora si que se trataría dun espazo onde coincidirán “presencialmente” a historia, a memoria e a comunidade.

Existe na cidade de Lisboa un museo chamado “Museu do Aljube: Resistência e Liberdade”, dedicado á memoria da loita contra a ditadura salazarista e á loita pola liberdade e a democracia popular. O obxectivo principal deste museo é “preencher unha lagoa no tecido museolóxico portugués”. *Mutatis mutandis*, dita lagoa pode aparecer tamén nos tecidos museolóxicos galego e español onde, salvando algunhas excepcións, a loita contra o réxime franquista non adoita aparecer. En dito museo aparecen exposicións artísticas temporais e permanentes, relacionadas con artistas que combateron coa súa arte a ditadura de Salazar, mais tamén permite aos visitantes contemplar unha caracterización xeral do período ditatorial, as oposicións ao réxime, a loita anticolonial portuguesa e o golpe militar de 1974 coa popular “Revolución dos Cravos”. Podería ser posible “traspasar” esa idea de espazo da memoria cara o contexto da cidade departamental?

A nosa resposta é que si sería posible. É posible sinalar media decena de lugares relacionados cos sucesos do X de Marzal onde poder construír un espazo semellante ao do Museu do Aljube portugués: o Ateneo Ferrolán, que fora xulgado durante a ditadura e polo que pasaron algúns dos obreiros e obreiras mencionados neste traballo; a antiga Cárcere Militar de Caranza, hoxe en día propiedade da Armada, transformada na Escola de Especialidades Antonio de Escaño; os baixos do Concello, popularmente coñecidos coma “O Cagarrón”, que foron empregados como celas onde manter custodiados aos detidos ou o antigo Centro Social de Santa Mariña, que se converteu nun auténtico paraíso antifranquista no corazón da comarca. Independentemente destes lugares icónicos, sempre se podería reacondicionar algún espazo que non tivera conexión cos feitos ou construír un centro dende cero, pero na miña opinión, un centro museístico debe ter en conta sempre o contexto sociolóxico tanto do tema sobre o que vai xirar como da cidade ou vila na que se vai atopar.

De construírse un espazo da memoria con características semellantes ás citadas, este non pode caer nos tópicos. Como xa vimos, a historia puido ser escrita e contada polos homes, pero as mulleres sempre estiveron aí, tamén no referido aos sucesos do X de Marzal, así como nos momentos previos e nas loitas posteriores. Limitar a loita obreira a un movemento exclusivamente masculino sería un erro que non faría máis que aumentar a opinión de que as mulleres durante o franquismo estaban ocupadas en “sus labores”. Isto, coma puidemos comprobar, é totalmente falso. A creación dun espazo de memoria sobre os acontecementos do 10 de marzo de 1972 sería algo positivo, non só para o movemento obreiro, senón tamén para toda a cidadanía. As institucións deberan apoiar iniciativas semellantes, xa que a cidadanía merece coñecer os feitos que ocorreron nas súas propias rúas, e que tan lonxe no tempo e no espazo parece que tiveron lugar.

No canto, e ademais de falar de posibles lugares vencellados ao X de Marzal onde poder situar un posible espazo de memoria, gustaríame aportar unha serie de ideas relacionadas co espazo *per se*. Sería necesario comprender ese lugar non só como un sitio onde conmemorar os sucesos ocorridos en Ferrol no ano 1972, senón máis ben coma un lugar onde ofrecelos á cidadanía de forma aberta e participativa, dando así a coñecer entre todos e todas un capítulo “esquecido” da nosa Historia.

Este espazo debera servir, nunha especie de metáfora, coma un arquivo aberto, onde calquera persoa puidese ofrecer á entidade rexistros orais ou escritos, biografías, obxectos materiais (roupas dos traballadores, propaganda da época, recortes de prensa, etc.), para que esa aprendizaxe histórica non quedase restrinxida a épocas puntuais durante o ano ou simplemente esquecida no ámbito familiar, nunha caixa no faiado, por exemplo. Trataríase así de outorgar un espazo onde dar visibilidade a

aquelas historias que foron invisibilizadas: as mulleres que loitaron, que sufriron, que participaron, que foron represaliadas e que, por se non fora pouco, tiveron que sacar adiante fogares, familias e a súa propia vida. Mais non só sería este o obxectivo do espazo de memoria. Debera ser un lugar onde as diferentes testemuñas e voces se atopen, onde se fagan preguntas e, de forma construtiva, tamén onde a memoria colectiva incomode ao visitante, facéndonos pensar sobre o ocorrido e tamén sobre as formas nas que se contaron estes sucesos tan tráxicos.

No referido aos estilos actuais de exposición, este lugar de memoria debería poder mesturar tradición e novidade. Non pode tratarse dun espazo estático nin tampouco unha recreación folclórica. Como xa comentei, debera ser un lugar dinámico onde se fomenta a participación, construíndo tecidos asociativos coas familias, asociacións culturais, institucións e tamén, por suposto, coas testemuñas, que son as persoas que máis teñen que contar. Débese recalcar tamén a necesidade de que se trate dun espazo accesible e visible, ademais de recoñecible para a cidadanía. Se se tratase dun lugar recuperado (coma unha vella fábrica ou a casa dalgunha das Mulleres do 72, por exemplo), non só estaríamos fomentando a recuperación dun espazo urbano, senón que tamén estaríamos incorporando o espazo museístico á propia narrativa histórica da memoria.

Como concepto museográfico, cómpre prestar moita atención ao relato que se ofrezca. Un enfoque feminista que sitúe ás Mulleres do 72 parece esencial, pero non é só ese o único aspecto ao que deberíamos atender: a loita obreira, os dereitos humanos, a responsabilidade social e as políticas de igualdade, etc. Aplicaríase a idea dun espazo expositivo non como contedor de obxectos senón con vocación pedagóxica e favorecedora da comunicación co público vía tecnoloxía. Tratándose dun museo sobre a loita obreira e as mulleres nesa loita que se pretende se converta nun punto de encontro social, polo que poderíamos aproveitar a súa ubicación para ofrecer outros produtos culturais relacionados coa temática do mesmo, como poden ser concertos, presentacións de libros ou de documentais, charlas e coloquios, etc., o que axudaría ao non estatismo da entidade e, á súa vez, á creación de novos contidos.

Evidentemente no espazo de memoria proposto serían elementos centrais os paneis que dean conta de maneira atractiva das accións das mulleres protagonistas e das súas vidas. É necesario que sexa contido interactivo e inmersivo. Organizado tal vez por seccións (vida cotiá, loita obreira, organización colectiva, sala de testemuñas, etc.) deberan ter en conta os múltiples aspectos que influíron nos sucesos do X de Marzal e as consecuencias que estes tiveron para a loita obreira en xeral. O museo podería incluír experiencias de sons que reproduziran, por exemplo, os berros que nas manifestacións ou as propias voces das testemuñas, así coma recreacións de lugares emblemáticos, como poderían ser neste caso as portas de Bazán. Un museo sobre esta temática e con estas características debería incluír tamén fotografías en gran formato, cartelas, material audiovisual que favorezan a comunicación e a interacción co público.

Na nosa opinión deben ter gran peso as voces das mulleres dando conta das súas experiencias, pero é tamén necesario recoller as voces daquelas persoas que participaron nos feitos dunha forma quizás máis indirectamente: compañeiros de traballo, irmás, fillos e fillas que daquela eran pequenos, familiares que se atopaban na emigración e cos que se comunicaban mediante chamadas de teléfono ou cartas, etc. Todas as voces que axuden a construír este espazo de memoria serían ben recibidas e convivirían nas salas coa exhibición de materiais co X de Marzal (carteis, pinturas, cartas, fotografías, propaganda, etc.). Pode parecer evidente, pero sería decisivo prestar atención ás condicións mínimas para o correcto funcionamento do museo, isto

é, iluminación axeitada, a seguridade contra incendios, a condicións óptimas de humidade e temperatura para asegurar a vida dos materiais nas melloras condición ou seguridade dos mesmos.

Un aspecto que penso que sería interesante expoñer se se puidera levar a cabo un museo semellante é o feito de que durante os anos que pasaron dende os sucesos que sacudiron Ferrol a comezos dos 70 ninguén pediu perdón. Non me estou a referir de construír unha sala adicada á vinganza, senón máis ben penso que sería interesante que algún policía ou militar da época explicase o por que de que dous traballadores morreran durante unha protesta pacífica. A resposta parece evidente, mais neste caso en particular, nunca se recibiu unha desculpa e os feitos seguen envoltos na escuridade máis de 50 anos despois. Tal vez si que sexa interesante construír dentro do hipotético recinto unha sala-memorial, onde de forma minimalista nos atopemos co recordo de Daniel e Amador, así coma da dor do resto de feridos e represaliados.

Coma no resto de museos, coido que debера haber unha colección permanente, pero que dita colección debера ser contada de diversas maneiras, sendo o seu discurso revisado moi a miúdo. Tamén sería preciso dar oco para realizar exposicións temporais, o que abriría o abano para colaborar con outros museos ou institucións públicas, coma concellos, asociacións, etc. Neste proxecto xogarían un papel destacado os centros de formación (colexios, institutos, etc.) e os movementos feministas, sindicais e as asociacións veciñais. Ferrol é unha cidade relativamente pequena, polo que sería sinxelo establecer un tecido asociativo para a realización de actividades, coma roteiros por espazos sinalados ou colaboracións con outras entidades, coma por exemplo o Museo da Construción Naval da Fundación Exponav.

Este último punto leva a pensar sobre a xestión do museo semellante. O ideal, debido ás características do museo e os temas que nel se tratan, penso que debería ser que fose o Concello de Ferrol o que se encargara, contando con financiación propia pero tamén de axudas e convocatorias públicas diversas (Secretaría Memoria Histórica, Xunta de Galicia, etc.) así como colaboracións con asociacións como a Asociación de Memoria Histórica, colectivos feministas, etc.).

Un museo dedicado ás Mulleres do 72 sería fundamental, non só para a cidade ferrolá, senón para todo o territorio galego e estatal, xa que permitiría recoñecer publicamente o seu papel silenciado na historia, preservar a memoria colectiva dende unha perspectiva feminista e transmitir ás novas xeracións valores de loita, dignidade e xustiza social. Sería, ademais, un espazo de reparación simbólica, de encontro e de reflexión sobre o pasado e o presente, e onde todo o mundo tivese participación, para poder expandir a memoria sobre unhas mulleres valentes cuxa historia decidimos esquecer.

6. Conclusións

Durante a realización deste traballo decateime de que, en realidade, non sabía practicamente nada sobre as Mulleres do 72, protagonistas da historia recente. Supuxo todo un reto para min falar cunha muller que viviu de primeira man uns feitos tan terribles como os que ocorreron en 1972. Este traballo naceu precisamente co obxectivo de recuperar e visibilizar o papel das mulleres ferrolás nos feitos de marzo do 72, un papel que historicamente foi silenciado polos relatos oficiais, tanto nos do momento coma nos máis actuais, así coma na maioría dos discursos pronunciados e libros de Historia escritos ata o momento. Como tentei reflectir, a participación destas mulleres foi chave para comprender uns momentos de extrema tensión social nos que os obreiros reclamaban os seus dereitos ante un réxime ditatorial que non permitía tal cousa e respondía con medidas represivas.

A través da contextualización da cidade de Ferrol, de Galicia e do Estado español, aportei un marco xeral para, a continuación, poder mergullarnos nun feito concreto: os sucesos do 10 de marzo de 1972, popularmente coñecidos coma “10 de Marzal” e así dar paso a unhas protagonistas ou invisibilizadas neste momento histórico: as mulleres que participaron da loita obreira ferrolá. As “Mulleres do 72” foron moitas, e a pesar de estar “comandadas” por un grupo delas cunha forte conciencia política e antifranquista, non podemos esquecernos de todas as mulleres que, na medida do posible, puxeron o seu grao de area por axudar na loita obreira e na ulterior represión. Unha desas mulleres politizadas foi Fina. Ela permitíume entrar no seu fogar e, a través da súa prodixiosa memoria, puiden coñecer de primeira man a súa experiencia na que destaca o compromiso cívico.

A proposta dun espazo de memoria dedicado a elas non se presenta simplemente como unha acción de homenaxe, senón como unha oportunidade de educar, reparar, coñecer e recoñecer para toda a cidadanía da cidade de Ferrol. A memoria destas mulleres é unha ferramenta que nos pode axudar a medrar como sociedade en termos de igualdade e de defensa dos valores democráticos.

Comparto con Ánxela Loureiro que, no caso das Mulleres do 72:

“As voces que foron saíndo da memoria destas mulleres contaron historias cargadas de emocións. Os seus ollos miraron ao pasado buscando imaxes das súas vidas gardadas no faiado dos seus miolos. Os relatos colleron itinerarios variados, camiñando por quilómetros de acontecementos históricos, percorrendo o mundo das reivindicacións e lembrando o horizonte que daquela se ambicionaba ver. As lembranzas apareceron pouco a pouco despertando dun soño de décadas. (Loureiro, 2019:291).

As Mulleres merecen ser escoitadas. Teñen moito que contar. Neste documento presenteí a voz dunha das Mulleres do 72, pero iso tan só é unha pequenísima parte do suceso. Traballo como o de Ánxela Loureiro ou Rosa Cal, así como iniciativas como a que tivo o Concello de Ferrol en 2018 son xestos que axudan a contar e a “completar” unha historia que, sen a presenza das mulleres, nunca terminaría de coincidir coa realidade. Para as Mulleres do 72 a cuestión feminista pode que non fose un asunto central no seu discurso pero, voluntariamente ou non, estas mulleres foron abrindo camiño para que mulleres que viñeron a continuación tiveran un espello onde poder mirarse. Parafraseando a Angela Davis: “O feminismo é a idea radical que sostén que as mulleres somos persoas”.

Algunhas das Mulleres do 72 seguen vivas. A súa memoria debera seguir moito máis viva. Neste sentido, coido que é preciso dende a miña parte seguir falando e escribindo sobre elas, mais tamén debo recoñecer o maravilloso traballo que persoas como Ánxela Loureiro fixeron ao longo da súa vida, dándolle voz a aquelas persoas que xeralmente nunca tiveron.

Por suposto, este traballo non tería sido posible se un grupo de mulleres que segundo o réxime franquista debían dedicarse a “sus labores” non tiveran saído ás rúas coa forte decisión de cambiar o mundo. Esas mulleres, normais en aparencia, foron quen de plantarlle cara a unha ditadura e, a pesar das duras consecuencias que tiveron as súas accións, como a represión ou mesmo a morte, viviron e viven coa conciencia limpa e coa cabeza ben alta.

7. Bibliografía

- Alén, J. G. (2022). "*10 de marzo. Un conflicto del movimiento obrero gallego por la democracia*". Ferrol. Asociación Cultural Fuco Buxán.
- Beitia, E. B. (19 de marzo de 2024). *El 10 de marzo de 1972 en Ferrol ¿Tragedia o suceso histórico?* Galicia Ártabra. Obtido de: <https://galiciaartabra.es/archivos/328600>
- BOE. (1972). "*Decreto 624/1972, de 17 de marzo*". (P. d. Gobierno, Ed.) España. BOE-A-1972-444
- Cadiñanos, F. G. (1 de marzo de 2022). "*Ferrol, 1972*". Obtido de Diócesis Mondoñedo-Ferrol: <https://mondonedoferrol.org/ferrol-1972/>
- CCOO. (1975). "*El proceso de los 23: un proceso contra el pueblo de Galicia*". Andalucía. España.
- Corral, M. (8 de marzo de 2018). "*¡Esto se cae! Homenaxe ás Mulleres do 72*". Ferrol. A Coruña. España.
- Corral, M. (11 de marzo de 2018). "*Este 10 de marzo se escribiu en femenino*". Ferrol360. Obtido de: <https://ferrol360.es/este-10-de-marzo-se-escribio-en-femenino/>
- Hermida, P. (16 de maio de 2022). "*Compañeiras do metal*". Luzes. Obtido de: <https://luzes.gal/16/05/2022/en-aberto/companeiras-do-metal/>
- Llorca, G. (2022). "*Memoria histórica do Ferrol de fóra de portas: Praza de España. Recimil, Inferniño, San Xoán de Filgueira, Santa Mariña e Caranza*". Ferrol. Edicións Embora.
- López, M. S. (1996). "*Ferrol: Los sucesos de marzo de 1972*". Santiago de Compostela. Fundación Luis Tilve.
- Loureiro, Á. (2019). "*Voces da memoria con ollos de muller*". Ferrol. Edicións Embora.
- Martínez, R. C. (2015). "*Informes diversos de los sucesos de Ferrol. 10 de marzo de 1972*". Madrid. Liber Factory.
- Martínez, R. C. (19 de febreiro de 2022). "*Ocurrió en Ferrol el 10 de marzo de 1972. Dos detalles (I)*". Diario de Ferrol. Obtido de: <https://www.diariodeferrol.com/articulo/opinion/ocurrio-ferrol-10-marzo-1972-detalles-i-3449800>
- Mayán, M. O. (8 de xullo de 2022). "*Feo, facha, Ferrol*". Luzes. Obtido de: <https://luzes.gal/08/07/2022/temas/cultura-temas/feo-facha-ferrol/>
- Muniesa, M. (2015). "*F.R.A.P. Memoria oral de la resistencia antifranquista*". Barcelona. Quarentena Ediciones.
- Pillado, R. (2012). "*O latexo da vida e da conciencia. Memorias colectivas de Rafael Pillado. Tomo I*". Ferrol. Asociación Cultural Fuco Buxán.
- Porto, J. (7 de marzo de 2014). "*Memoria Obrera. Ferrol, 10 de Marzo de 1972*". Obtido de Izquierda Revolucionaria:

<https://www.izquierdarevolucionaria.net/index.php/historia-teoria/8904-memoria-obrera-ferrol-10-de-marzo-de-1972>

Rodríguez, M. V. (2021). "*Literatura memorialista-testimonial en Galicia. El universo carcelario femenino de la dictadura franquista*". eHumanista IVITRA, p. 20.

Ruíz, C. M. (2003). "*Una inmensa prisión. Los campos de concentración y las prisiones durante la guerra civil y el franquismo*". Barcelona. Crítica.

Seixo, D. (s.d.). "*Ferrol 1972: una lucha común*". Nueva Revolución. Obtido de: <https://nuevarevolucion.es/ferrol-1972-una-lucha-comun/>

Silva, E. D. (2013). "*El año internacional de la mujer en España y Francia, 1975. Feminismo y movimiento de mujeres desde una perspectiva comparada*". Madrid. Universidad Autónoma de Madrid.


Varios. (1976). "*Documentación Social. Revista de estudios sociales y de sociología aplicada*". Madrid. Cáritas Española.

8. Materiais anexos

8.1. Apéndice 1: Cuestionario entrevista

- Quen é Josefa Varela? (preguntaríallo eu á propia entrevistada)
- Como foi a túa infancia?
- Xa dende pequena demostraches ser unha persoa forte, decidida, valente e comprometida. Como foi a relación cos teus pais nunha época tan complexa, especialmente co teu pai, quen era Garda Civil?
- Quen foi Manuel Amor Deus? Como che influíu coñecelo?
- Úneste ao Partido Comunista pouco despois de coñecer a Manuel. Como era estar afiliada a un partido declarado “ilegal” en plena ditadura?
- Como era a “comunidade feminina” na túa contorna?
- Que ocorreu en Ferrol o 10 de marzo de 1972? Como lembras eses días? (como era o ambiente na cidade)
- Quen eran as “Mulleres do 72”?
- Como era a loita clandestina nesta última fase da ditadura? Que “actividades” realizabades as mulleres?
- Como era a loita das mulleres fronte ao papel dos homes? (estereotipo de loita obreira exclusivamente masculina)
- Que foi o “Xuízo dos 23”?
- Chegas a entrar no cárcere da Coruña. Como foi estar alí?
- Como era o trato ás mulleres no cárcere?
- Como foi a represión despois desa estadía no cárcere?
- Despois traballas en Fene nun hospital e retiraste. Como continuou a túa vida?
- Mantéñense os lazos de amizade coas Mulleres do 72?
- Como ves o “papel” (a situación) da muller na loita de clases actualmente?
- Téñense feito libros, poesías, documentais, obras de arte... Cres que na actualidade a xente coñece o que ocorreu en Ferrol no ano 1972?
- Vivimos nun momento complexo de odio e reacción. Que mensaxe lle transmitirías á mocidade, especialmente ás rapazas?

8.2. Apéndice 2: Permiso para a realización do cuestionario

 **CISPAC**
Centro de Investigación Interdisciplinaria
en Patrimonio Antropológico Cultural

Terra e Memoria
Unidade de Patrimonio Documental
e Oral Contemporáneo - UPDOC

histagra
Grupo de
Historia Agraria
e Política
do Mundo Rural
USC

h'

D./D^a *JOSEFA VARELA FORTÍN*, con DNI nº *34.567.463-6* e con domicilio en
RUA CARDALLO Nº 13 - 2º

está de acordo coa realización da entrevista e a súa cesión para o seu
arquivo nos fondos o Arquivo Oral Terra e Memoria.

Tamén está de acordo coa cesión, de ser o caso, dunha copia da
documentación achegada para o seu arquivo no devandito Arquivo.

Está de acordo coa utilización do seu testemuño oral e da copia da
documentación achegada sempre que se utilicen con fins de investigación
(publicacións, conferencias, etc.), académicos (relativos á docencia e
formación) e produtos de natureza cultural derivados (exposicións,
audiovisuais, etc.).

Indicar no caso de que a persoa entrevistada non desexe que o seu nome
apareza e prefira que non se identifique. Sinalar a opción preferida (só
iniciais, nome falso, número ou outros):

Proxecto de Investigación dentro do que se realiza a entrevista:
Grupo de Investigación: Histagra-Cispac

En *FEBROU*, a *23* de *MARZO* de 2025

Asdo.: *Ana Cabalo*
Responsable investigación

Asdo. *Irene Falcón*
Entrevistador/a

Asdo.:
Entrevistado/a

[Signature] *[Signature]* *[Signature]*

8.3. Apéndice 3: Transcripción completa da entrevista a Josefa Varela

IKER- Galego, castelán...?

FINA- Dame igual, eu adáptome a todo. Como ti prefiras.

Iker- Teño aquí en galego (as preguntas), entón...

Fina- Pois entón fáloste en galego (risas).

Iker- A primeira é “Quen é Josefa Varela?”

Fina- Quen é Josefa Varela? Pois unha muller de 83 anos que naceu en Mugardos, son filla dun Garda Civil, casei cun de Bazán e estou viuva (risas).

Iker- Como foi a túa infancia?

Fina- Pois a miña infancia... Como meu pai era Garda Civil, eu a partir dun ano estiven en Andalucía ata os nove anos. Aos nove anos vin para Galicia e eu tiña uns tíos que non tiñan fillos, meu pai tiña catro fillos, entón eu quedei cos meus tíos aquí en Ferrol e meu pai voltou para Andalucía. E non os volví a ver ata que tiña catorce anos.

Iker- Nunha época tan complexa, como foi esa relación cos teus pais, sendo el Garda Civil?

Fina- Home, a relación cos meus pais, cando a tiña, pois foi boa. Meu pai, a pesares de ser un Garda Civil, era un home moi cariñoso, moito máis que miña nai. Era ben Garda Civil miña nai que meu pai. E claro, pero xa che digo, dende os nove anos ata os catorce... Bueno minto, meu pai veu unha vez, que veu que morreu seu pai e veu ao enterro do meu avó. Entón foi cando vin ao meu pai. Pero meus irmáns e a miña nai non. E cos meus tíos, bueno, pois era “así así”. Eu non estaba moi contenta, pero... (risas) Eu quería ir, pero ao meu pai a miña tía choráballe, entón tivenme que quedar. Pero eu non quería quedar, eu quería irme.

Iker- Quen foi Manuel Amor?

Fina- Pois mira, eu coñecín a Manuel Amor cando tiña dezaseis anos, e el dezasete. Ou sexa que éramos máis ben moi novos! (risas). Coñecino nunha festa, veume quitar a bailar e eu díxenlle que non, pero cando mirei para el dixen “Joder, como lle dixen que non” Porque o tipo estaba bastante ben (risas). Pero el non se foi, quedou alí, e ao final bailei con el. E a partir de alí pois foi o meu mozo. Encima coñecía ao meu cuñado, o mozo da miña irmá, porque traballaba no mesmo taller. Entón, bueno, pois aí quedou a cousa.

Iker- Úneste ao Partido Comunista pouco despois de coñecelo...

Fina- Non. Despois de casada.

Iker- Despois de casada, ok. Como era, pois, estar afiliada a un partido ilegal nesa época, como era esa contorna?

Fina- Bueno, pois era estar convencida de que querías cambiar esto, de que non estabas conforme coa maneira que tiñamos. E foi... Bueno, Manolo tiña un compañeiro que era do Partido Comunista, Manolo aínda non era, pero houbo un accidente en Bazán unha noite, e morreu un bombeiro, non, dous bombeiros e o compañeiro de Manolo, porque sentiu o ruído e baixou ao barco, baixou á bodega, e Manolo sentiuno como caeu tamén. Entón quixo baixar tamén, pero empezou a baixar e engancháronselle os pes na... Chegou ata onde estaba o compañeiro e o agarrou, pero el tamén perdeu as forzas e soltou ao compañeiro. E baixou outro compañeiro, que non deixaban baixar, e sacou a Manolo. E Manolo pois seguiu para adiante, entón colleu a responsabilidade do seu compañeiro que morrera, porque eran moi amigos, moi compañeiros, e el sempre o estaba convencendo para que entrara no Partido Comunista, pero Manolo non se acababa de decidir. Ou sexa, traballaba con el, pero non se afiliaba. Pero ao morrer el, Manolo afiliouse, para seguir a loita do seu compañeiro.

Iker- E nesa loita, neses principios, como era digamos a “comunidade feminina”? Como participaban as mulleres?

Fina- Non, mira, nese momento non estabamos participando as mulleres. Pero empezaron a surxir problemas, como na PYSBE, Madreira, a Fábrica de Lápices, MEGASA, etc. Entón os compañeiros empezaron a contar con nós e a explicarnos o que estaba pasando, e que colaboramos con eles. Entón empezamos a colaborar, e aí surxiu que unhas cantas mulleres participamos con eles, entre elas estaba eu. Bueno, estivemos axudando a toda a xente. Cando houbo un encerro en San Xulián ían a estar os traballadores e as mulleres, pero mulleres había poucas, entón nos “liaron” a nosoutras para que formos. E nós somos tan obedientes que fomos. Foi en San Xulián, pero entrou a policía e nos botou. Entón claro, non nos quedou outra que saír, pero subimos pola calle da Igrexa toda arriba, ata a praza de España. Na praza de España daquela, onde está agora a Xunta, alí non había nada, era unha silveira, e aínda unha compañeira enganouse na silva e dixo “Aaah, que me agarran!”. “Si, non te agarra ninguén que é unha silva. Veña, camiña” (risas). Entón pois iso empezou así. Despois formamos o Movemento Democrático de Mulleres. Éramos bastantes. Non todas eran do Partido Comunista, pero un número si éramos do Partido. Entón, pois fomos tirando, entre problema e problema nós estabamos participando.

Iker- E case era unha pregunta obrigada. Que ocorreu en Ferrol en 1972?

Fina- Pois o nove de marzo de 1972 se estaba discutindo en Bazán un convenio, porque querían un convenio para Ferrol, non querían estar con Cádiz e Cartagena, porque non eran tan loitadores e firmaban, e os de aquí non querían firmar. Entón, en Bazán como estaban con eses problemas e asembleas e tal, pois botaron a Riobó, a Manolo Amor e a Pillado. En principio, despois botaron a máis. Entón se formou unha asemblea en Bazán e tal, entrou a policía en Bazán, nos avisaron e fomos para a porta de Bazán un grupo de mulleres. Éramos bastantes mulleres. Non éramos soamente nós, porque eran mulleres de máis traballadores que tamén foron. E a cousa foi que, bueno, os botaron, a policía os botou a paus de dentro, e nós estabamos fora. A policía non nos deixaba estar alí, tiñamos que estar camiñando, non podíamos estar paradas. A xente pensa que aquí viviuse sempre como estamos vivindo agora, aínda que cada vez vese o que estamos perdendo máis. O que habíamos gañado practicamente o estamos perdendo. E como non nos deixaban parar pois ala, te daban coa porra que “Camina”, e veña camiña para aquí, camiña para alí. Bueno, despois resulta que pola tarde fíxose unha manifestación de mulleres, non había practicamente homes, éramos mulleres. Íamos pola Calle Real e as comunistas habíamos dito “bueno, non podemos permitir que leven a ninguén”. Entón eu vin que un policía, viñeron Valladolid e da casa de Dios, eu que sei, había un mogollón deles. Entón colleron a unha compañeira, Marisol, e eu fun tan lista que claro, como dixéramos “non se poden levar a ninguén” eu collín, agarreina a ela, tirei, tirei ou o outro a soltou, porque non tiña tanta forza coma el, pero ma deixou levar, entón quixen escapar e subín pola costa onde era antes o Hotel Suízo. Pois subín por aquela costa pero un policía veu detrás de min e o outro dixo “Pero la vas a dejar escapar?”, e entón colleume e me levou a comisaría. E cheguei a comisaría, me deixaron quedar alí na porta e dixeron “ala, pa dentro”. E viu outro policía e dixo “Por qué la trajeron” e eu dixen “Ah, no sé. Yo iba con unas amigas paseando y me cogieron”. E bueno, fixeron o que fan sempre, te miden, te pesan, te fan a ficha, pero eu non sei quen dos meus compañeiros avisaron ao meu pai. Daquela meu pai xa estaba xubilado, tiña un bar aquí abaixo, no baixo da miña casa. Entón meu pai foi á comisaría, e cando, bueno, era Garda Civil e me deixaron irme. Pero claro, a ficha xa quedaba feita, pero eles non sabían, pola miña ficha non sabían quen era o meu marido. Dixeron “No, mujer...”, eles non sabían quen era. Pero cando se deron conta de que eu era a muller daquel outro, anduveron detrás de min para levarme a comisaría de novo. Entón, os nosos compañeiros, entre eles, claro, o meu home, pois andaban por aí escapados. Non viñan á casa porque a policía estaba detrás deles. Bueno, claro, non che contei antes. Ao día seguinte foi o día que mataron a Amador e a Daniel. Saían do Cantón, á hora que entraban para o traballo, e nos dixeran que non fóramos, pero nós fomos. Pero resulta que faltaba a muller de Riobó: “Pero que lle pasaría a Encarna? Iría a policía?” E dixen “Bueno, vamos ata a súa casa un grupo a ver que lle pasou”. Fomos, entre elas ía eu e resulta que se había quedado durmida. Entón viu con nosoutras, pero chegando á praza de España xa

empezamos a sentir tiros e a ver que a xente reculaba. Ou sexa, nosoutras non pasamos, o grupo que ía comigo non pasou da praza de España. Xa empezaron “Oye, que hai mortos!”, “vide buscar médicos!”, tal e cual. Fomos, claro, ao Ambulatorio, San Javier, El Carmen, porque antes había na praza de España dous sanatorios máis. Pero non sabíamos nin quen eran os mortos, nin quen eran os feridos. Nós só sabíamos que había mortos e feridos pero non sabíamos quen eran. Bueno, despois, de alí a un tempo e tal, levaron para San Javier a Daniel. Non, a Amador. A Amador. Levárono para... Que foi o primeiro que... Ao outro levárono para Coruña porque estaba... vamos, estaba peor, e foi Julio Aneiros con el dándolle sangue. E claro, pero morreu tamén ao chegar a Coruña. E bueno, tivemos, claro, unha serie de problemas. Eu tiña un neno de seis anos e... Bueno, lo pasamos mal (se lle caen unhas bágoas e choramos os dous).

Iker- E neste contexto, quen foron as “Mulleres do 72”?

Fina- Pois mira, as Mulleres do 72, as máis “destacadas” por así dicir, porque ser eramos moitas máis, pero quen mellor dábamos a cara ou levábamos a cousa adiante, éramos un grupo non moi grande. De feito teño aí un almanaque que fixo unha compañeira no ano 22, cando facían os cincuenta anos, e estamos un grupo delas. E era Maruja Loureiro, “Angelita”, Encarna, Fina Piñón, Divina... bueno, un pouco as mulleres dos que estaban presos, pero había máis que nosoutras. Pero bueno, que íamos a todas partes xuntas. Encarna ademáis... Bueno, eu tiña trinta anos e Encarna tiña dezanove, ou sexa, era unha “chavalita”. A que empuxaba era eu (risas). Porque como sempre ía conmigo: “veña, vamos”-“teño medo”-“veña que hai que ir”. Entón alá íamos. Pero bueno, éramos un número bastante destacado. E Sari Alabau, que é unha compañeira que é valenciana pero o compañeiro dela fixo a mili xa “jodido” porque xa o habían detido tamén por comunista e tal, e o mandaban de aquí para alí, de alí para aquí. Chegou para Ferrol, ela veuse para Ferrol tamén desde Valencia, e despois mandárono para África, para alá para o quinto carallo, ou sexa que... E ela veu e claro, non coñecía a ninguén. Traía para presentar a unha xente pero non a concedía. E ese día que íamos pola calle da Igrexa para arriba, ela estaba na calle Galiano, nunha pensión que había alí cerca da praza de España, e sinteunos. Sinteunos gritar “Amnistía”, “Libertad”, “blablablá”, entón ela visteuse correndo e baixou pero cando chegou xa non estabamos porque había que correr, porque viñan os outros detrás e tiñámonos que ir. Bueno, entón tamén esa compañeira pois axudounos moito, tiña moita máis experiencia, xa ela había estado na universidade, xa había estado detida, xa estivera na cadea, ou sexa que tiñamos unha boa axudanta que nos levaba ben. E así, máis ou menos.

Iker- E nesta última fase da ditadura que “actividades”, se se lle pode chamar así, facíades as mulleres?

Fina- As que facíamos algunha delas xa che digo, recorrer, ou sexa, recolectábamos para a axuda das compañeiras, un exemplo, os de MEGASA, os de Maderera, que estaban en folga e entón non tiñan posibilidades, e levabámoslles comida. Era o que facíamos. E a parte octavillas: tirar octavillas, repartilas... era o traballo que facíamos. Meternos na Asociación de Amas de Casa de Ferrol, que eran todas “fachas”, loxicamente, pero conseguimos meternos (risas). Nos metemos Fina máis eu; despois tamén se meteu Sari. Bueno, e desde alí pois tamén tratábamos de empuxar un pouco.

Iker- E fronte, digamos, a ese estereotipo de “loita obreira exclusivamente masculina” que sempre se nos ven á cabeza?

Fina- Claro, e que sempre se falou que era o deles. Falouse sempre dos homes, das mulleres nunca se falou. Nós non existimos. De feito hasta fai pouco as mulleres nunca estiveramos nese “jaleo”. De feito hasta que Ánxela, que tamén estaba naquela, que Ánxela era unha chavalita, tería dezaseis anos ou así, e xa estaba tamén, porque estaba nas Xuventudes Comunistas, e tamén estiveron aí. E Ánxela escribiu un libro referíndose ao que fixéramos as mulleres. E despois o Concello, cando estaba Sainza de de concelleira nos fixeran unha homenaxe ás Mulleres do 72. Entón saímos. Pero antes nunca se falara das mulleres, as mulleres parece ser que non existían. E de feito cando nos fixeron, que foi no Jofre, e bueno despois o alcalde socialista cando agora estivo tamén nos fixo unha “homenaxe” que nos regalou unha figurita

(risas irónicas)... Agora “se montaba todo Dios al carro”. Pero o que nos deu visibilidade, xa che digo, foi o libro de Ánxela Loureiro.

Iker- Que foi o “Xuízo dos 23”?

Fina- Os 23... Primeiro houbo outro xuízo. Un xuízo militar, porque tamén foron procesados por botar octavillas nun barco. Esos quen foran...? Foran Julio, Manolo, Porto, Bastida... e non me acordo de máis. Bueno, foron un grupo, e tiveron, ou sexa, foi aquí en Ferrol, no cuartel este que hai alí en Esteiro, que é de infantería de marina. Eles estaban na cadea en Coruña e os mandaron para a cadea en Ferrol, que aínda foi no tempo ese que estiveron aquí cando o meu fillo tivo o accidente e... (rompemos a chorar da emoción). Bueno, saíronlle catro anos de condena e non sei canto de diñeiro. Bueno, e os mandaron outra vez para Coruña, e despois foron a Madrid, e no setenta e... e que? Xa non me lembro... Despois o Xuízo dos 23 foi en Madrid, claro está, que foi no de Orden Público e tamén estábamos tres mulleres: eu, outra era Sari e outra era Mela, que a Mela coñecéramola o día 9 diante da Bazán porque o seu home tamén traballaba en Bazán. Que aínda non sei que estábamos falando e tal, que mirou así para min e dixo: “Vaia señorita da merda” (risas). Bueno, claro, como eu lles dicía “non berredes moito, porque nos van a jorobar e se queremos estar aquí...”. O caso foi que cando fun eu para o cárcere, porque bueno, a min me multaron, con 100.000 pesetas, pero claro, non o ía pagar, entón tiña que ir á cadea un mes. E xa estaba Sari, estaba Mela, e estaba Vitoria, unha de Coruña que tamén era do Partido e que era mestra. Entón a min me viñeron a buscar pero eu non estaba na casa. Ao final fun alí, e tal, e dixeron eu “estos me van a cachar, me van a mandar a chirona tamén”. O caso foi que alá fun, aí, non! E neste se entregaron Manolo e Riobó, que se entregaron en abril, e a Pillado xa o tiñan collido, que o colleran en Ferrol. Pero eles se foron a entregar a Coruña, e en Coruña comimos xuntos e se foron a entregar, e xa os pasaron para o cárcere, pero Manolo había tido un accidente e había roto unha clavícula. Entón cando ingresou estaba “jodido”. Entón o mandaron para “A Vaca” e eu, como tiña á miña irmá en Coruña, collín ao pequeno e me fun a Coruña, porque así todos os días ía a velo ao hospital. Entón me chamaron, recibín unha carta que me entregaron, que fora por comisaría, e eu en vez de ir á comisaría aquí fun á comisaría en Coruña e dixeron “Mire, e que eu recibín esto pero eu non... Estou aquí porque meu home está nestas condicións e teño un pequeno, e non podo deixar ao pequeno só”. E dixo: “Bueno, pois non se preocupe, cando seu home o volvan para o cárcere, usted venga a avisar”. Eu quedei en Coruña, e cando Manolo volveu para a cadea fun á comisaría en Coruña e lle dixeron que me viña para Ferrol. Moi ben. Ao día seguinte, loxicamente, xa me volveron a chamar. Entón eu fixen a maleta e xa fun coa maleta. E me dixo: “Y luego, por que ves coa maleta?”, “Pois xa sei para onde vou. Xa sei que me vades mandar a Coruña, entón para non ter que volver a casa, así xa estou lista” (risas). Leváronme a Coruña e cando entro na cadea as compañeiras estaban no patio e “Aí, que ben! Fina”, empezaron a aplaudir e a celadora alucinaba, dicía “Pero vaya amigas que tiene usted, o sea que se alegran de que venga”, e eu “Porque ya me estaban esperando, ya sabían que iba a venir” (risas). Ou sexa que... E na cadea pois estivemos bastante “ben”, porque como estábamos xuntas... Nós estábamos no piso primeiro e as comunes estaban na baixa. Pero a nós todas ás oito da tarde xa nos encerraban arriba no piso e xa quedabamos alí ata pola mañá ás oito, que viña outra vez a celadora e nos abrían a porta e podíamos saír. Pero nós aproveitabamos, ou sexa, unha vez que estábamos as catro e tal, pois facíamos teatro, líamos, cantabamos,... e unha noite que, claro, cantamos como todas as noites pero o garda, o policía que estaba de garda ese día non lle debían de gustar as cancións e nos denunciou. E alá nos ven o xefe da garda, porque non podían entrar, porque non quedaban mulleres, pero eles non podían entrar onde estábamos nós, pero había dúas portas. Abriu a primeira porta, a segunda estaba pechada, e nos dixo: “A ver, ustedes, que les denunciaron, que estaban cantando canciones alusivas al jefe del Estado”. E nós: “Nooo. Nosotras no. No, nosotras no somos, no, no. Nós cantábamos, pero cancións alusivas al jefe del Estado non”. “¿Entonces ustedes que cantaban?”. “*Ai. Ellos eran cuatro, y nosotros ocho* (cantando)”. E dixo o outro: “Bueno, bueno, pues síganse manteniendo en eso”. Como nos íamos a manter? (risas). Bueno, pero resulta que aos poucos días eu xa saía, e eu saín, pero a Sari castigárona un mes, soa nunha cela. Ademais xa daquela soamente quedabamos ela e eu, as outras xa habían ido saíndo. E bueno, iso pasou así. E logo te dicía, do Xuízo dos 23 pois xa che digo, ves, que estaba Mela, Sari, e eu. Estabamos as tres. O resto, os vinte eran homes, e as tres eramos mulleres. E alá

